



**FOGGA | FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA**  
Memoria 2011









**EDITA**

FOGGA / Fondo Galego de Garantía Agraria

**MAQUETACIÓN**

ANDAINA  PUBLICIDADE


**DEPÓSITO LEGAL**

PO 556-2008



# ÍNDICE

ÁREA PRIMEIRA	07	<b>PRESENTACIÓN E MARCO DE ACTUACIÓN</b>
ÁREA SEGUNDA	09	<b>O ORGANISMO</b>
ÁREA TERCEIRA	13	<b>ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS EN 2011</b>
	13	<b>3.1.- Actividades de xestión</b>
	13	<b>A) Pagamento único e outras medidas horizontais da PAC</b>
	25	<b>B) Actuacións en producións agrícolas</b>
	36	<b>C) Actuacións en producións gandeiras</b>
	61	<b>D) Xestión do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC)</b>
	66	<b>E) Xestión de axudas ao desenvolvemento rural</b>
	73	<b>F) Irregularidades detectadas e correccións financeiras no exercicio.</b>
	74	<b>3.2.- Actividades de soporte</b>
	74	<b>A) Xestión de persoal</b>
	76	<b>B) Xestión económica</b>
	79	<b>C) Organismo pagador dos fondos europeos</b>
	86	<b>D) Actuacións de apoio e asesoramento administrativo</b>
	91	<b>AUDITORIAS.</b>
ÁREA CUARTA	91	<b>4.1.- Auditoría interna</b>
	92	<b>4.2.- Auditorías externas</b>
	97	<b>O FOGGA en cifras.</b>
ÁREA QUINTA	97	<b>5.1.- O FOGGA en cifras</b>





## PRESENTACIÓN E MARCO DE ACTUACIÓN


O **Fondo Galego de Garantía Agraria** (FOGGA), organismo autónomo dependente da **Consellería do Medio Rural e do Mar**, configúrase como un dos instrumentos da Comunidade Autónoma de Galicia para contribuír a un **medio rural sostible económica e socialmente**, en harmonía co **medio ambiente** e xerador dos produtos de alta calidade e **valor engadido** que demanda o mercado.

Ao FOGGA na súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia correspóndelle a responsabilidade compartida de facer chegar aos agricultores e gandeiros, operadores comerciais e industriais agroalimentarios e vinculados ao desenvolvemento rural, as medidas de apoio á renda e impulso que a política agrícola común (PAC) dispón a favor de queñas contribúen á consecución dos seus fins, no eido dos mercados de produtos agrarios e do desenvolvemento rural.

Esta memoria da actividades do organismo trata de sintetizar a xestión dun exercicio orzamentario autonómico e dun exercicio financeiro comunitario (do 16 de outubro de 2010 ao 15 de outubro de 2011), na dobre vertente do FOGGA, de organismo autónomo encargado da aplicación en Galicia dos pagamentos directos e parcialmente das medidas de intervención de mercados da PAC, e, por outro lado, de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas na nosa comunidade.

A estes efectos e co ánimo de facer desta memoria un instrumento accesible e contribuír á transparencia da xestión do organismo, no presente exercicio modificouse a estrutura desta, diferenciando de forma nítida as actividades realizadas no exercicio e os resultados acadados, na procura do mellor servizo á sociedade galega en xeral e ao medio rural en particular.

### FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA



# O ORGANISMO

## 2.1. DENOMINACIÓN E NATUREZA

O **Fondo Galego de Garantía Agraria** (FOGGA) é unha entidade instrumental, das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, en concreto, un organismo autónomo integrado no sector público autonómico da Xunta de Galicia, con personalidade xurídica e patrimonio de seu, posuíndo plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O FOGGA -que está adscrito á Consellería do Medio Rural e do Mar, de conformidade co previsto no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 4, do 5 de xaneiro)- creouse mediante a Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (DOG nº 4, do 5/01/1995), denominación modificada pola disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251, do 31/12/2002), en virtude da cal pasa a denominarse Fondo Galego de Garantía Agraria.

Dito marco normativo foi desenvolvido mediante o Decreto 128/1996, de 14 de marzo (DOG, nº 66, do 2 de abril de 1996), e máis recentemente, polo Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

## 2.2. FUNCIONES E ESTRUCTURA

### Funcións:

As funcións encomendadas ao organismo veñen previstas na Lei 7/1994, do 19 de decembro, así como no Decreto 128/1996, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei.

De especial relevancia en relación coa configuración e estrutura interna do FOGGA resulta a súa consideración como **organismo pagador dos fondos europeos agrícolas** (FEAGA e FEADER) en Galicia, en virtude do disposto no Decreto 155/2006, do 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia (DOG, nº 181, do 19 de setembro de 2006), e a Orde do 4 de outubro de 2007, pola que se autoriza o Fondo Galego de Garantía Agraria como organismo pagador dos ditos fondos en Galicia (DOG, nº 196, 9 de outubro de 2007). A autorización como organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia condiciona a súa estrutura interna

e funcional, ao estar obrigado a cumprir os criterios de autorización como tal, descritos no Anexo I do Regulamento (CE) 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1290/2005, do Consello, no que se refire á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación de contas do Fondo Europeo Agrícola de Garantía e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOUE, nº L 171, do 23 de xuño do 2006).

No exercicio desas funcións, o FOGGA desenvolveu ao longo do ano as accións necesarias para a aplicación da política agraria común en Galicia, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Garantía (FEAGA), así como as actuacións conducentes á execución e á contabilización de todos os pagamentos do dito fondo, máis os do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Polo que respecta á estrutura administrativa do organismo, esta vén establecida, baixo a dependencia directa do seu director, no Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, correspondéndose co organigrama que se indica no punto seguinte, reproducíndose na norma actualmente en tramitación pola que se aproban os estatutos do organismo.

Neste sentido, cómpre destacar a ampliación funcional realizada mediante o citado decreto, en virtude do cal, se integra no organismo, baixo a dependencia da Subdirección Xeral de Xestión da PAC o servizo de axudas complementarias, ao cal lle corresponde a xestión das axudas á renda das persoas titulares das explotacións agrarias no marco dos programas de desenvolvemento rural, e das medidas en relación coa mellora do ambiente e do contorno rural para a utilización sustentable das terras agrícolas, principalmente indemnizacións por dificultades naturais, axudas agroambientais e axudas ao benestar dos animais.

## **Estrutura:**

### **Estrutura orgánica**

\*Consello de dirección

\*Presidenta

\*Vicepresidente

\*Director

### **Estrutura administrativa**

Conforme ao disposto na Orde do 9 de febreiro de 2012, o Consello de Dirección do Fogga está integrado por:


. En representación da Consellería do Medio Rural e do Mar: Secretario Xeral Técnico, Secretario Xeral do Mar, Director Xeral de Desenvolvemento Rural e o Subdirector Xeral de Xestión da PAC do FOGGA.


-En representación da Consellería de Facenda; Subdirector Xeral do Xest. Econ. Patrimonial do sector púb. Empresarial.

Son membros natos: a Presidenta do FOGGA (Conseleira do Medio Rural e do Mar), o Vicepresidente do FOGGA (Secretario Xeral do Medio Rural e Montes) e o Director do FOGGA (Director Xeral de Produción Agropecuaria).



## 2.3. ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO







## 3.1. ACTIVIDADES DE XESTIÓN

### A) Pagamento único e outras medidas horizontais da PAC

#### 1.- RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO (RPU)

Cada ano, para a percepción do pagamento único, o solicitante debe demostrar que é agricultor, que dispón de dereitos de axuda do pagamento único (de asignación inicial, da reserva nacional ou procedentes de cesión), que ten a superficie ou cabezas de gando necesarias e que cumpre os requisitos de admisibilidade e condicionalidade (boas condicións agrarias e medioambientais).

#### \* Proceso de xestión de dereitos do pagamento único en Galicia:

Actuacións:

- Comunicación desde o FOGGA ao FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria) dos dereitos utilizados en 2010.
- Xestión das solicitudes de axuda ao réxime de pagamento único na campaña 2011, xunto coas da reserva para esa campaña e as cesións de dereitos para a mesma.
- Comunicación ao FEGA das solicitudes e movementos aceptados.
- Asignación polo FEGA dos dereitos do pagamento único da Reserva Nacional, en base ás solicitudes.
- Asignación polo FEGA dos dereitos de pagamento único do Chequeo Medio da campaña 2010 xenerados polo desacoplamento das axudas de cultivos herbáceos e ovino-cabrún.
- Constitución no FEGA da base de datos de dereitos de pagamento único consolidados 2011 para o control e pago dos dereitos a partir do 1 de decembro de 2011.

**\* Características e elementos básicos do Réxime de Pagamento Único (RPU)**

a) Asignación inicial de dereitos do RPU

Á hora de levar a cabo a asignación inicial de dereitos tivéronse en conta os seguintes aspectos: período de referencia; importe de referencia; superficie de referencia; e, dereitos de axuda.

Na asignación inicial provisional de dereitos, feita en febreiro de 2006, dos importes de referencia descontouse un 3% para dotar á reserva nacional de dereitos de pagamento único e, posteriormente, en decembro de 2006, ese desconto limitouse ao 0,8%.

b) Reserva nacional

Constitúese en 2006 co desconto inicial dos importes de referencia dos agricultores (3% inicialmente, reducindo despois ao 0,8%).

Na campaña do 2007 e de acordo co previsto no artigo 42.7 do Regulamento 1782/2003, procedeuse a realizar unha redución lineal do 1,5 % de todos os dereitos de pagamento único para poder establecer os dereitos da reserva nacional da campaña 2007 sen superar o límite orzamentario de todo o Estado español.

Tipo de acceso	Condicións
320A	<b>Novos agricultores que realizen a súa primeira instalación no ámbito dun Programa de Desenvolvemento Rural establecido en base ao Regulamento (CE) 1698/2005</b>
330C	<b>Agricultores beneficiados da cota láctea da reserva nacional e do Fondo de cotas da campaña 2010/2011 e/ou anteriores.</b>
330D	<b>Agricultores beneficiados de dereitos de prima de ovino-cabrún da reserva nacional</b>
330E	<b>Agricultores beneficiados de dereitos de prima de vacas nutrices da reserva nacional da campaña 2008.</b>
340	<b>Agricultores con sentenzas ou actas administrativas firmes resoltas favorablemente</b>

Cadro 1  
Tipos de acceso na solicitude á reserva nacional de dereitos de pagamento único.

No seguinte cadro indícanse as claves dos tipos de acceso dos solicitantes de dereitos da reserva nacional:

As solicitudes de dereitos procedentes da reserva nacional para a campaña 2011 presentáronse no período do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2011. Nos seguintes cadros resúmense o número de solicitudes de dereitos de reserva nacional

Cadro 2  
Resumo de solicitudes de reserva nacional de dereitos de pagamento único. Datos campaña 2011

Tipo de acceso	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		GALICIA	
	Solicit.	Acept.	Solicit.	Acept.	Solicit.	Acept.	Solicit.	Acept.	Solicit.	Acept.
320A	37	1	82	24	60	14	17	7	196	46
330C	322	312	406	393	3	3	150	142	881	850
330D	4	2	2	2	5	0	3	2	14	6
330E	0	0	7	6	2	0	1	0	10	6
340	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>TOTAIS</b>	<b>345</b>	<b>329</b>	<b>497</b>	<b>53</b>	<b>53</b>	<b>10</b>	<b>152</b>	<b>138</b>	<b>1.047</b>	<b>893</b>

Cadro 3  
Número de beneficiarios e importes da asignación de dereitos de pagamento único da reserva nacional. Datos campaña 2011

Tipo de acceso	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		GALICIA	
	Acept.	€	Acept.	€	Acept.	€	Acept.	€	Acept.	€
320A	5	7.093,84	13	21.238	7	20.956,94	3	2.995,28	28	52.284,095
330C	324	1.002.352,03	403	1.143.747,23	3	5.609,06	134	359.921,19	864	2.511.629,51
330D	0	0	0	0	0	0	1	150	1	150
330E	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
340	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>TOTAIS</b>	<b>329</b>	<b>1.009.445,87</b>	<b>416</b>	<b>1.164.986,12</b>	<b>10</b>	<b>26.566</b>	<b>138</b>	<b>363.066,47</b>	<b>893</b>	<b>2.564.064,46</b>



efectuados e os importes asignados durante a mesma.

No cadro seguinte indícase a distribución, por CC.AA beneficiarios e importes dos dereitos asignados da reserva nacional de pago único para a campaña 2011, segundo información elaborada polo FEGA:

CCAA	Beneficiarios		Beneficiarios	
	Número	%	Número	%
Andalucía	126	4,63	443.804,24	4,57
Aragón	167	6,13	650.837,14	6,7
Asturias	50	1,84	144.644,55	1,49
Baleares	120	4,41	190.537,24	1,96
Cantabria	48	1,76	111.494,17	1,15
Castela-A Mancha	131	4,81	903.010,02	9,29
Castela e León	399	14,65	1.493.749,9	15,37
Cataluña	169	6,2	966.502,15	9,94
Extremadura	124	4,55	7.391,51	0,08
<b>Galicia</b>	<b>893</b>	<b>32,78</b>	<b>2.564.064,46</b>	<b>26,38</b>
Madrid	12	0,44	116.371,47	1,20
R. deMurcia	2	0,07	14.453,61	0,15
C. F. Navarra	297	10,9	761.740,62	7,84
Pais Vasco	41	1,51	31.292,5	0,32
A Rioxa	127	4,66	194.860,12	2,
C. Valenciana	18	0,66	56.416,6	0,58
<b>Total</b>	<b>2.724</b>		<b>9.720.460,11</b>	

Cadro 4  
Distribución dos beneficiarios e importes dos dereitos asignados da reserva nacional de pago único por CC.AA. Datos campaña 2011


#### c) Cesión de dereitos

Os dereitos de axuda do réxime de pagamento único poden cederse a outro agricultor establecido en Galicia ou en calquera Comunidade Autónoma do Estado español, ben por venda (cesión definitiva), arrendamento ou calquera outra forma establecida en dereito.

*Contratos de arrendamento*

Considérase arrendamento dos dereitos de axuda con terras calquera cláusula dun contrato de arrendamento que prevea a cesión dun número de dereitos que non supere o número de hectáreas arrendadas. Os dereitos de axuda e as hectáreas arrendaranse polo mesmo período de tempo.

Gráfica 1  
Número de solicitudes de cesión de dereitos do RPU.  
Datos campaña 2011  
Total: 1.333



Cadro 5  
Número de solicitudes e importes de cesión de dereitos do RPU por tipo de cesión en Galicia. Datos campaña 2011

	Solicitudes	Importes €
<b>V1 Compravenda sen terras</b>	97	101.300
<b>V2 Compravenda sen terras a un agricultor profesional</b>	270	585.384,56
<b>V3 Compravenda con terra, compra parcial explotación</b>	0	0
<b>V4 Compravenda de todos os dereitos especiais, compra parcial da explotación</b>	11	17.943,83
<b>V5 Compravenda por devolución arrendamento</b>	0	0
<b>V6 Compravenda con terra, compra total explotación</b>	3	2.764,48
<b>V7 Compravenda a un agricultor que inicia a súa actividade</b>	94	246.910,65
<b>AR Arrendamento con terras</b>	60	233.947,46
<b>HE Herdanza</b>	88	114.129,38
<b>CD Cambio de personalidade xurídica</b>	357	2.222.882,06
<b>FU Fusión en persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica</b>	27	183.286,4
<b>ES Escisións de persoas xurídicas ou de agrupación de persoas xurídicas</b>	15	76.008,3
<b>RV Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional</b>	37	8.524,53
<b>HA Xubilacións ou programas de cese anticipado cesionario familiar de primeiro grao cedente</b>	268	664.089,49
<b>AA Finalización anticipada arrendamento con terras</b>	6	17.498,75
<b>SJ Sentenzas xudiciais</b>	0	0
<b>PE Peaxe</b>	-	48.608,78
<b>TOTAIS</b>	<b>1.333</b>	<b>4.523.278,4</b>

**\* Dereitos definitivos solicitados para a campaña 2011**

De acordo cun informe elaborado polo FEGA, para a campaña 2011 Galicia conta con 37.356 beneficiarios e 349.160,18 dereitos do RPU por un importe de 111.930.165,92 €, o que supón un valor medio de 320,57 €/dereito e 2.996,3 €/beneficiario. No seguinte cadro resúmense os dereitos definitivos solicitados en 2011, segundo o tipo de dereitos en Galicia.


	Beneficiarios	Dereitos	Importes €	Valor medio dereito	Valor medio beneficiario
<b>Especiais</b>	4.594	5.697,75	12.145.411,53	2.131,62	2.643,76
<b>Normais</b>	35.125	343.462,43	99.784.754,39	290,53	2.840,85
<b>Excepcional</b>	0	0	0	0	0
<b>Total</b>	<b>37.356</b>	<b>349.160,18</b>	<b>111.930.165,92</b>	<b>320,57</b>	<b>2996,30</b>

Cadro 6  
Dereitos definitivos solicitados en 2011. Beneficiarios, dereitos e importes en Galicia

**\* Xestión da axuda do réxime de pagamento único**

Axudas reguladas no marco do Regulamento 73/2009, de acordo coa convocatoria de axudas da Orde da Consellería do Medio Rural do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011.

As solicitudes unificadas PAC-DR recibidas en 2011 distribuíronse do seguinte xeito:



Gráfica 2  
Distribución provincial de solicitantes de pagamento único 2011

As superficies declaradas por 37.019 agricultores ascenderon a 556.553,11 has, distribuídas en 1.546.166 recintos SIX-PAC, cunha media de 0,36 has por recinto e 15,03 ha por expediente.

### \* Pagamento das axudas do Réxime de Pagamento Único

Os pagamentos de axuda única por explotación desligada da produción efectuáronse no período comprendido entre o 1 de decembro do ano da solicitude e o 30 de xuño do ano seguinte, 2012 (art. 29 do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello).

A Comisión Europea, autorizou ao Estado español o pagamento de anticipos no réxime do pagamento único. Estes anticipos poderían chegar ata o 50% do importe de axuda.

Cadro 7  
Anticipos pagados.  
Datos campaña 2011

	Agricultores	Importes €
<b>A Coruña</b>	12.527	18.000.897,97
<b>Lugo</b>	12.242	21.422.593,75
<b>Ourense</b>	5.009	5.599.135,06
<b>Pontevedra</b>	3.998	5.042.369,83
<b>Galicia</b>	<b>33.776</b>	<b>50.064.996,61</b>

No seguinte cadro figuran os pagamentos de axuda única de 2011 realizados polo FOGGA ate finais de decembro de 2011, no que se inclúen tamén os importes dos anticipos pagados en outubro, en cada provincia. Trátase dos importes transferidos aos produtores, unha vez descontado o 9% da axuda polo concepto de modulación e o 1,75% pola aplicación do anexo IV, a aqueles produtores con máis de 5.000€ de pagos directos totais.

Cadro 8  
Importe das axudas pagadas  
a 31 de decembro de 2011

	Agricultores	Importes €
<b>A Coruña</b>	12.904	36.532.142,64
<b>Lugo</b>	13.182	45.372.473,49
<b>Ourense</b>	5.065	11.048.160,36
<b>Pontevedra</b>	4.139	10.108.650,97
<b>Galicia</b>	<b>35.290</b>	<b>103.061.427,46</b>

	Agricultores	Dereitos	Superficie declarada (ha)	Superficie validada (ha)	Axuda €
<b>A Coruña</b>	12.880	93.265	140.434,73	139.392,95	34.625.626,55
<b>Lugo</b>	12.603	177.081	252.718,18	250.909,36	37.080.968,75
<b>Ourense</b>	5.010	61.018	84.854,87	84.286,40	10.765.998,87
<b>Pontevedra</b>	4.082	32.917	49.146,58	48.814,12	8.660.500,13
<b>Galicia</b>	<b>34.575</b>	<b>364.281</b>	<b>527.154,36</b>	<b>523.402,83</b>	<b>91.133.094,30</b>

Cadro 9  
Pago de axudas baseadas na superficie a 31 de decembro de 2011

	Agricultores	UGM período referencia	UGM campaña 2011	Dereitos especiais	Axuda €
<b>A Coruña</b>	980	12.581,36	21.689,32	1.085,6	1.906.516,09
<b>Lugo</b>	2.278	40.732,11	72.723,27	2.978,16	8.291.504,74
<b>Ourense</b>	231	1.712,82	3.201,03	245,44	282.161,49
<b>Pontevedra</b>	654	7.516,66	14.1285,43	746,93	1.448.150,84
<b>Galicia</b>	<b>4.143</b>	<b>62.542,95</b>	<b>111.799,05</b>	<b>5.056,13</b>	<b>11.928.333,16</b>

Cadro 10  
Pago de axudas baseadas nas UGM a 31 de decembro de 2011

**A finais de 2011 (dentro, pois, do primeiro mes dos 7 que establece a normativa comunitaria) tiñan percibido en Galicia a axuda do pagamento único 35.290 agricultores dos 38.760 que a solicitaran.**

O resto dos agricultores con expedientes pendentes por algún tipo de documentación ou trámite a completar, deberán percibir a axuda, no caso de que finalmente teñan dereito a ela, antes do 30 de xuño de 2012.

Do total de pagamentos efectuados (103.061.427,46 €), 91.133.094,30 € (88,43%) pagáronse en función da superficie da explotación que cumpría as condicións para percibir o pagamento único, independentemente da actividade produtiva efectuada nas terras, e 11.928.333,16 € (11,57%) abonáronse en función das UGM da explotación en 2011, por corresponderse con dereitos especiais dos produtores.



## 2.- MODULACIÓN

Todos os importes dos pagos directos a explotacións no marco da PAC, que deban concederse nun ano natural determinado, redúcese -de acordo co establecido no art. 7 do Regulamento (CE) 73/2009- nas seguintes porcentaxes, segundo o ano:

Cadro 11  
Distribución das axudas directas da PAC, segundo contía dos pagos totais por agricultor. Campaña 2010.

€ agricultor	Nº agricultores	Importes axudas €
<b>Máis de 25.000</b>	654	23.533.761,96
<b>Máis de 10.000 a 25.000</b>	4.413	65.273.693,00
<b>Máis de 5.000 a 10.000</b>	6.185	44.172.480,73
<b>Máis de 2.500 a 5.000</b>	6.206	22.468.490,29
<b>Máis de 1.000 a 2.500</b>	8.173	13.567.022,60
<b>Máis de 500 a 1.000</b>	5.735	4.161.508,82
<b>Máis de 250 a 500</b>	4.981	1.834.194,67
<b>Máis de 100 a 250</b>	3.511	623.055,97
<b>Menor ou iguala 100</b>	55	3.954,53
<b>Total</b>	<b>39.913</b>	<b>175.638.162,57</b>

	Agricultor que supere un importe total de pagos directos...	
	...superior a 5.000 €	...superior a 300.000 €
<b>2009</b>	7%	11%
<b>2010</b>	8%	12%
<b>2011</b>	9%	13%
<b>2012</b>	10%	14%

A todos os pagos de axudas directas da PAC efectuados en 2011 -que correspondían á campaña 2010 (que é a última cos pagos efectuados de todas as axudas)- aplicóuselles unha redución do 8% en concepto de modulación, da mesma maneira que aos pagos desa campaña feitos dentro do ano 2010.

### 3.- CONDICIONALIDADE

A percepción polos agricultores das axudas directas da PAC financiadas polo FEAGA desde o ano 2005 está condicionada ao cumprimento dunha serie de requirimentos (requisitos legais; boas condicións agrarias e medioambientais; e, requisitos mínimos na utilización de abonos e fitosanitarios) que -en conxunto- se agrupan no concepto de condicionalidade.

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e do Regulamento (CE) nº 1975/2006, os perceptores de certas axudas financiadas polo FEADER tamén pasan a ter a obriga de cumprir coa condicionalidade a partir do ano 2007.

O Decreto 106/2007, do 31 de maio, sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación ao desenvolvemento rural e ás axudas directas da política agraria comunitaria, actualizado polo Decreto 31/2010, precisa os órganos especializados para desenvolver as actividades de control do cumprimento das boas condicións agrarias e ambientais a que se refire o artigo 6 do Regulamento 73/2009, e do cumprimento dos requisitos legais de xestión, nos ámbitos enumerados no artigo 5 do mesmo Regulamento.

Cada órgano especializado de control realiza as labores de divulgación e información específica sobre as materias nas que é competente, selecciona as explotacións agrarias obxecto de control, efectúa os controis sobre o terreo e emite os informes específicos dos resultados de control que darán lugar ás reducións de axudas directas polos servizos xestores das axudas FEAGA e FEADER.

O FOGGA, como órgano especializado de control, encárgase do cumprimento das obrigas da condicionalidade en relación con:

- Boas condicións agrarias e ambientais.
- Dos requisitos legais de xestión sobre: conservación de aves silvestres; protección de augas subterráneas contra a contaminación causada por determinadas sustancias perigosas; e, conservación dos hábitats naturais de fauna e flora silvestres.



**\* Plan de controis sobre o terreo da condicionalidade para 2011**

Estableceuse unha metodoloxía de coordinación entre os órganos especializados de control e os servizos xestores das axudas financiadas polo FEAGA e o FEADER, na que o FOGGA centraliza a información dos solicitantes e dos resultados dos controis efectuados.

Cadro 12  
Solicitantes FEAGA e FEADER en 2011

	Totais		Selección admisibilidade
	FEAGA	FEADER	
<b>A Coruña</b>	14.060	2.588	1.251
<b>Lugo</b>	14.725	8.695	1.660
<b>Ourense</b>	5.522	1.554	402
<b>Pontevedra</b>	4.766	1.946	479
<b>Galicia</b>	<b>39.073</b>	<b>14.783</b>	<b>3.792</b>

O FOGGA efectúa a selección de agricultores nas materias da súa competencia sobre a mostra de solicitantes xa elixidos para os controis de admisibilidade das axudas correspondentes no 2011.


A selección dos mesmos efectuouse en base a unha análise de riscos e o nivel de risco asignado a cada agricultor estableceuse en función dos actos e normas a aplicar de acordo coas seguintes características da explotación:

- Relacionados con superficies: solicitantes que declaren superficies, que as dediquen a cultivos de cereal, oleaxinosas ou proteaxinosas, ou pastos permanentes, ubicadas na Rede Natura 2000.
- Relacionados coa gandaría: número de UGM e tipo de gando.
- Outros datos: existencia de denuncias de incumprimentos de requisitos da condicionalidade nos anos 2008, 2009 e 2010 debidamente documentados, e importe das axudas.

Cadro 13  
Controis sobre o terreo da condicionalidade 2011. Distribución por provincias e organismos de control

Organismo de control	A Coruña		Lugo			Ourense			Pontevedra			Total					
	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O		
D X Producción Agropecuaria	Subdirección Xeral de Gandaría	SPZF	164	38	0	210	109	1	34	22	0	58	29	0	466	198	1
		I&R bovino	358	114	0	692	523	0	118	78	0	146	91	0	1.314	806	0
		I&R ovino-cabrún	48	11	0	115	49	0	156	60	0	41	13	0	360	133	0
	S.X. de Apoio ás Explotacións Agrarias		109	34	0	173	119	0	55	37	2	40	20	3	377	210	5
	<b>FOGGA</b>		<b>144</b>	<b>40</b>	<b>0</b>	<b>157</b>	<b>66</b>	<b>1</b>	<b>57</b>	<b>22</b>	<b>3</b>	<b>51</b>	<b>18</b>	<b>0</b>	<b>409</b>	<b>146</b>	<b>4</b>

Por outra banda, conforme co establecido no Plan de controis de condicionalidade, o FOGGA levou a cabo unha supervisión e control do 100% das actas de control efectuadas en 2010, nas materias nas que é competente.



Gráfica 3  
Distribución dos controis de condicionalidade. Exercicio 2011.  
Total 409

A seguinte táboa especifica o número de solicitantes que incumpriron un determinado acto ou norma de condicionalidade no ano 2011.

Ámbito	Acto/norma	NIFs con incumprimentos
Boas condicións agrarias e ambientais	Xestión dos restollos	21
	Mantemento pastos permanentes	29
	Invasión terras agrícolas por vexetación espontánea	8
	Mantemento dos hábitats	9
Saúde pública, zoonosidade e fitosanidade	I&R porcino	9
	I&R ovino-cabrún	47
	I&B bovino	208
	Comercialización fitosanitarios	31
	Seguridade alimentaria	51
	Encefalopatías esponxiformes	1
Benestar animal	Protección dos xatos	28
	Protección dos porcos	1
	Protección nas explotacións gandeiras	26
Medio ambiente	Conservación dos hábitats	2
<b>Total incumprimentos</b>		<b>475</b>
<b>Total solicitantes que incumpriron coa condicionalidade</b>		<b>247</b>

Cadro 14  
Incumprimentos con redución na condicionalidade. Ano 2011

## **B) Actuacións en producións agrícolas**

### **1.- A XESTIÓN DE AXUDAS DIRECTAS POR SUPERFICIES ADICADAS A CULTIVOS HERBÁCEOS E FORRAXEIROS**

#### **MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO SECTOR.**

O Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, materializa as modificacións aprobadas no marco da reforma a medio prazo da política agrícola común denominada coloquialmente como “chequeo médico”, Neste regulamento se establecen as bases para a integración no réxime do pagamento único dos sectores que se desligan totalmente en 2010 en España.

Derivado da reforma anterior, quedaron totalmente desacoplados e integrados no réxime do pagamento único os pagamentos por superficie de cultivos herbáceos, permanecendo vixente ata o ano 2012 a prima ás proteaxinosas (chícharos, faballóns e tremoceiros doces).

Así mesmo, se introducen novos rexímenes de axudas en forma de primas especiais derivadas da aplicación do artigo 68 do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, das que co importancia en Galicia destacaremos as axudas do Programa nacional para a calidade dos legumes.


Por tal motivo a xestión das superficies relacionadas coas axudas a diferenciaremos en dous bloques temporais; un primeiro bloque anterior ás reformas introducidas polo “chequeo médico da PAC” que chega ata o ano 2009, nun segundo bloque, se reflicten os datos de xestión de superficies a partir da campaña 2010, na que entrou en vigor a reforma derivada do “chequeo médico da PAC”.



**Resultados da xestión das axudas ligadas por superficie no período 1995-2009.**

Campaña	Solicitudes	Hectáreas solicitadas	Hectáreas pagadas	Ha Pag/ Ha Solic. (%)
1995	39.516	65.949,77	65.794,39	99,8
1996	40.481	67.982,00	65.730,38	96,7
1997	39.743	68.793,22	65.095,63	94,6
1998	39.967	73.427,76	71.553,93	97,4
1999	39.473	74.203,64	71.437,96	96,3
2000	38.063	72.245,03	71.817,15	99,4
2001	36.886	74.385,24	73.529,53	98,8
2002	36.177	80.279,21	79.570,72	99,1
2003	35.644	82.935,76	81.994,53	98,9
2004	34.216	84.370,36	83.413,11	98,9
2005	32.066	83.946,13	81.157,47	96,7
2006	29.879	76.425,98	74.906,19	98,0
2007	27.321	72.130,81	71.215,28	98,7
2008	25.035	69.411,71	65.255,81	93,9
2009	23.221	73.404,26	71.356,34	97,2

Cadro 15  
Evolución das axudas ligadas: produtores e superficies por campaña. Galicia 1995-2009.



Gráfica 4  
Evolución de produtores e axudas por superficies pagadas por campaña

### **A xestión de superficies a partir da campaña 2010.**

#### **Principais consecuencias do desacoplamento das axudas ligadas a cultivos herbáceos na campaña 2010.**

A partir da campaña 2010, coa revisión da PAC denominada “Chequeo médico” produciuse a integración no réxime do pagamento único do 25% da axuda a cultivos herbáceos que aínda permanecía ligada, quedando como únicas axudas ligadas a superficies a partires desa campaña a prima ás proteaxinosas e a axuda específica á produción de legumes de calidade axudas ambas que, comparativamente, teñen escasa relevancia en Galicia.

### **A xestión de superficies na campaña 2011.**

Na campaña 2011 a xestión das superficies declaradas polos/as agricultores/as para realizar as súas solicitudes de axudas baseadas en superficies e contempladas na Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable das terras agrícolas no ano 2011, realizouse no marco do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, que inclúe un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios.

Para a presentación das solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, cooperativas e entidades de aconsellamento, no prazo do 1 de febreiro ao 13 de maio de 2011.

Nas solicitudes de axuda por superficie decláranse todas as parcelas da explotación coas súas referencias SIXPAC.

Previamente á apertura do prazo de presentación das solicitudes, remitíuselles aos produtores unha carta persoal informativa na que, entre outra información, se lles indicaba que a partires da campaña 2011 as súas presolicitudes poderían obtelas desde a páxina web da Oficina Agraria Virtual (OAV) da Consellería do Medio Rural. Para acceder aos datos de presolicitude e a outra información personalizada da súa explotación na OAV deberá utilizar o contrasinal (PIN) e o NIF/NIE.

Como información das presolicitudes que estivo accesible a través da aplicación informática WEBPAC 2011 e que lles serviu aos produtores como información de partida para realizar a solicitude unificada da campaña 2011 incluíronse, entre outros, os seguintes datos:

- Datos persoais do solicitante.
- Axudas solicitadas na campaña anterior.
- Relación de parcelas “correctas” declaradas na campaña 2010.



•Censos gandeiros da explotación do solicitante e dereitos de primas gandeiras e cota láctea actualizados a inicio de febreiro de 2011.

•Dereitos do réxime de pagamento único.

•Importe dos dereitos de pagamento único asignados como consecuencia do desacoplamento das axudas dos sectores de cultivos herbáceos e ovino-cabrún.

Durante o período de solicitude os produtores diríxense ás oficinas das entidades colaboradoras para preparar as solicitudes, logo remítelas ao rexistro telemático da Xunta de Galicia e, finalmente, imprimir unha copia completa da solicitude xa rexistrada para o produtor e as follas resumo da solicitude e da documentación necesaria. O produtor deberá presentar estas últimas follas resumo na Oficina Agraria Comarcal da súa zona xunto coa copia da documentación correspondente en cada caso.

No cadro 16 resúmense, por provincias, os expedientes con declaración de superficies recibidos en 2011, indicando recintos/parcelas e superficies.

Tanto a recepción das solicitudes como o resto da xestión realizouse de acordo co Manual de Procedemento establecido pola Dirección do FOGGA.

Provincia	Expediente	Recintos/ parcelas	Superficie (Hectáreas)		
			Total	Has./ Expediente	Has./ Recinto
<b>A Coruña</b>	13.607	385.678	150.707,17	11,08	0,39
<b>Lugo</b>	14.178	696.302	269.167,26	18,98	0,39
<b>Ourense</b>	5.445	268.780	88.819,50	16,31	0,33
<b>Pontevedra</b>	4.526	213.617	56.249,03	12,43	0,26
<b>Galicia</b>	<b>37.756</b>	<b>1.564.377</b>	<b>564.942.96</b>	<b>14,96</b>	<b>0,36</b>

Cadro 16  
Declaración de superficies.  
Campaña 2011.





### Plans de control

No marco do plan nacional de controis de axudas por superficie redactado polo FEGA, o FOGGA estableceu o plan de controis administrativos e sobre o terreo das axudas directas da PAC baseadas en superficies e da Indemnización Compensatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011. O control administrativo inclúe, entre outros aspectos, o cruzamento das parcelas declaradas e superficies entre si e cos datos existentes no SIXPAC, co fin de asegurar que a referencia identificativa existe e que para unha mesma superficie non se concede máis dunha axuda.

Como consecuencia destes cruzamentos remitíronse, no ano 2011, 5.665 comunicacións a produtores coa finalidade de que puidesen xustificar, se era o caso, o motivo das incoherencias rexistradas. Este número de comunicacións significou unha redución do 10,36 % respecto ás habidas no ano 2010 polo mesmo motivo.

Por outra banda, en función dos resultados dos controis de anos anteriores e do número de solicitudes recibidas en 2011, realizouse o control sobre o terreo de 2.740 produtores e 34 montes veciñais ou superficies forraxeiras de uso en común, segundo se resume nos cadros 17 e 18, a fin de verificar que os cultivos e aproveitamentos e as superficies declaradas correspondían coas efectivamente existentes.

Cadro 17  
Explotacións con axudas por superficie inspeccionadas en 2011.

Provincia	Número de explotacións
<b>A Coruña</b>	801
<b>Lugo</b>	1.235
<b>Ourense</b>	359
<b>Pontevedra</b>	345
<b>Galicia</b>	<b>2.740</b>

Cadro 18  
Superficies forraxeiras de uso común inspeccionadas en 2011.

Provincia	Montes veciñais
<b>A Coruña</b>	0
<b>Lugo</b>	9
<b>Ourense</b>	19
<b>Pontevedra</b>	6
<b>Galicia</b>	<b>34</b>

A partir da campaña 2009 modificouse a sistemática de traballo seguida para a realización dos controis sobre o terreo coa entrada en funcionamento dunha nova aplicación denominada CONSUPAC.

Esta aplicación CONSUPAC susténtase na combinación dun sistema de tipo Cliente-Servidor no que o sistema Cliente que, en combinación cun sistema de posicionamento global se emprega na recollida de información nas parcelas agrícolas, está composto por un hardware baseado en tablet PC cuxo software é alimentado a través do sistema Servidor, coa información alfanumérica de parcelas e solicitantes obxecto do control desde as bases de datos do Sistema Integrado de Xestión e Control (SIXC) e coa información tanto gráfica como alfanumérica do SIXPAC.

Esta combinación Cliente-Servidor permite, así mesmo a descarga dos datos resultantes dos controis sobre as propias bases de datos do SIXC para o seu tratamento.

### Superficies validadas e axudas.

Despois de incorporar os resultados dos controis ás bases de datos, as superficies de cultivos herbáceos de utilización non forraxeira que se validaron ascenderon a 17.090,88 has. de secaño e 106,19 has. de regadío.

	Secaño	Regadío	Total
<b>Millo</b>	5.136,67	106,19	5.242,86
<b>Outros cereais</b>	11.894,12	0,00	11.894,12
<b>Retirada voluntaria</b>	9,00	0,00	9,00
<b>Outros produtos</b>	60,09	0,00	60,09
<b>Total</b>	<b>17.090,88</b>	<b>106,19</b>	<b>17.197,07</b>

Cadro 19  
Grupos de cultivo e superf. validadas en cultivos herbáceos non forraxeiros. Campaña 2011.

### A xestión das superficies forraxeiras na campaña 2011.

Por outro lado, a percepción do pagamento único, así como a prima adicional a vacas nutrices e determinadas axudas ao desenvolvemento rural baseadas en superficies, tamén están relacionadas coa utilización de superficies forraxeiras, ben mediante pastoreo ou sega ou por aproveitamento mixto.

No cadro 20 resúmense os produtores que declararon superficies forraxeiras en cada provincia e as superficies forraxeiras validadas a estes. O maior número de produtores correspóndelle a Lugo, 14.116 (38,30% do total de Galicia), e a maior parte da superficie corresponde tamén a Lugo (250.275,52 has, o 49,64% da de Galicia). Neste cadro inclúese tamén a superficie forraxeira que non é de uso exclusivo dun produtor senón que se trata de montes veciñais ou ou-

tras superficies que se utilizan en común por varios gandeiros e, para efectos de axuda, un produtor declara a parte proporcional que lle corresponde.

Cadro 20  
Produtores e superficies forraxeiras validadas por provincias. Campaña 2011.

Provincia	Produtores	Superficie (ha)	Superficie media por produtor (ha)
<b>A Coruña</b>	13.474	136.175,52	10,11
<b>Lugo</b>	14.116	250.275,52	17,73
<b>Ourense</b>	4.828	69.375,80	14,37
<b>Pontevedra</b>	4.441	48.366,91	10,89
<b>Galicia</b>	<b>36.859</b>	<b>504.193,75</b>	<b>13,68</b>

No cadro 21 resúmese, por provincias, a superficie forraxeira de uso en común validada, que foi declarada por produtores, que ascende a 48.693,94 hectáreas en toda a Comunidade Autónoma e equivale ao 9,66% do total da superficie forraxeira validada. Un 85,33% desa superficie corresponde a pasto arbustivo ou pasto con arboredo e un 14,67% a prados e praderías.

Para a declaración polos produtores das superficies de uso común é necesario que os responsables da xestión das superficies (presidentes das comunidades de montes veciñais en man común e similares) emitan certificados a cada gandeiro relativos á superficie e usos que, proporcionalmente, lle corresponden en relación co resto dos gandeiros. Ademais, o responsable debe declarar as parcelas, superficie e tipo de pasto que se están a utilizar en común.

Cadro 21  
Superficies forraxeiras (has) de uso común, validadas, declaradas polos produtores por provincias.

Provincia	Prados ou praderías	Pasto arbustivo ou con arboredo	Total Superficie
<b>A Coruña</b>	309,52	4.629,53	4.939,05
<b>Lugo</b>	6.437,34	15.617,06	22.054,40
<b>Ourense</b>	220,98	12.480,90	12.701,88
<b>Pontevedra</b>	176,84	8.821,77	8.998,61
<b>Galicia</b>	<b>7.144,68</b>	<b>41.549,26</b>	<b>48.693,94</b>



No cadro 22 resúmense as superficies forraxeiras de uso común (montes) validadas en cada provincia, segundo o tipo de pasto, entre as declaradas por 865 responsables destas en Galicia.

Provincia	Número de montes	Prados ou praderías	Pasto arbustivo ou con arboredo	Total superficie
<b>A Coruña</b>	38	390,24	7.181,59	7.571,83
<b>Lugo</b>	441	7.319,94	24.852,96	32.172,90
<b>Ourense</b>	266	622,01	65.304,52	65.926,53
<b>Pontevedra</b>	120	206,89	19.073,43	19.280,32
<b>Galicia</b>	<b>865</b>	<b>8.539,08</b>	<b>116.412,50</b>	<b>124.951,58</b>

Cadro 22  
Superficies forraxeiras de uso común (has) validadas, declaradas polos responsables dos montes por provincias. Campaña 2011.

#### A prima ás proteaxinosas na campaña 2011.

Cómpre destacar que na campaña 2011 permanece ligada á produción a prima ás protexinosas, contemplada na sección III do capítulo I, do Título IV do Regulamento (CE) 73/2009, cuxos datos de xestión se indican no cadro 23 seguinte.

Provincia	Nº solicitantes	Superficie (ha)	Superficie media por produtor (ha)
<b>A Coruña</b>	22	14,14	0,64
<b>Lugo</b>	5	5,14	1,03
<b>Galicia</b>	<b>27</b>	<b>19,28</b>	<b>0,71</b>

Cadro 23  
Prima ás proteaxinosas. Campaña 2011.

A prima ás proteaxinosas acada un importe de 55,57 €/ha, independentemente do rendemento da rexión de produción, polo que tendo en conta o número de solicitantes e superficies e considerando que na campaña 2011/2012 non se acadou a superficie máxima garantizada para o conxunto da Unión Europea, non será precisa a aplicación de coeficientes redutores de axuste da prima para o pagamento da axuda.

No cadro 24 recóllense os datos correspondentes aos pagamentos previstos, que se poderán facer ata o 30 de xuño de 2012.

Provincia	Nº solicitantes	Superficie (ha)	Importe previsto €	Axuda media por solicitante €
<b>A Coruña</b>	22	11,66	647,95	29,45
Para a campaña 2011, esta axuda está regulada nos artigos 94 a 96 do Regulamento (CE) 66/2010, cun importe máximo para todo o Estado de 81.976.300 €. Os importes de axuda por animal para as denominacións de calidade de ámbito nacional serán o 80% das de ámbito comunitario.

**Requisitos:**

- Vacas de polo menos 24 meses de idade, inscritas no RIIA, localizadas na explotación a 30/04/2011, cuxa produción sexa comercializada ao amparo dunha denominación de calidade.

- Os produtores deberán comercializar baixo os programas de calidade que se trate, a produción de polo menos o 25% das vacas de aptitude láctea da explotación.

- Número de vacas elixibles calcularase dividindo a cantidade en quilogramos comercializados durante o 2011 baixo as distintas denominacións de calidade entre o rendemento lácteo medio (6.500 kg).

Para a presentación desta solicitude contouse coa colaboración de entidades financeiras, no prazo que vai do 1 de febreiro ao 13 de maio de 2011. A presentación e xestión destas solicitudes faise de acordo co manual de procedemento establecido polo FOGGA.

Cadro 59  
Solicitudes presentadas.  
Datos campaña 2011

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais €
<b>A Coruña</b>	5.190	163.515	31,51
<b>Lugo</b>	4.935	173.846	35,23
<b>Ourense</b>	123	1.968	16
<b>Pontevedra</b>	1.742	33.707	19,35
<b>Galicia</b>	<b>11.990</b>	<b>373.036</b>	<b>31,11</b>

**\* Plans de controis**

Axuda incluída no plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia para a campaña 2011, téndose realizado os controis indicados no cadro Explotacións de vacún e animais solicitados e controlados (sobre o terreo). Campaña 2011.

### \* Pagamento de axudas

No ano 2011 efectuáronse os pagamentos correspondentes ao 2010.

Despois de coñecer as solicitudes presentadas e animais con dereito a prima en todo o Estado, o FEGA estableceu os importes unitarios de prima a aplicar, que foron os seguintes:

Axuda específica calidade do leite	€/cabeza
Ámbito comunitario	25,03928037
Ámbito nacional	20,0314243

A estes importes descontóuselles en concepto de modulación u 9% e do anexo IV aos produtores con importes totais de axudas FEAGA superior a 5.000€.

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais €
A Coruña	86	1.401	32.189,86
Lugo	68	1.623	36.778,95
Ourense	7	73	1.726,81
Pontevedra	8	109	2.524,53
Galicia	<b>169</b>	<b>3.206</b>	<b>73.220,15</b>

Cadro 60  
Distribución provincial de  
produtores e cabezas pri-  
madas. Datos campaña 2011

### e) Axudas á utilización de leite nos centros escolares

O procedemento para a tramitación e concesión das axudas recóllese na Resolución do FOGGA do 29 de decembro de 2010 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e se convocan para o ano 2011.

Poden beneficiarse desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros escolares, recoñecidos oficialmente, de educación infantil, primaria e secundaria.

A axuda a poden solicitar os centros, as autoridades educativas para os alumnos que teñan baixo a súa xurisdición, os provedores e as organizacións que actúen en nome dun ou máis centros escolares e que estean constituídas para este fin. A axuda concédese para leite, leite chocolateado ou con zume de froitas ou aromatizado, iogur de sabores ou con froitas e queixo por unha cantidade global máxima de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día lectivo e deben consumirse nas dependencias dos centros escolares.

**Importe unitario das axudas:**

- Leite e iogures de sabores: 18,15€/100 kg.

- Iogures con froitas: 16,34€/100 kg.

- Queixo:

- oQueixos frescos e transformados, aromatizados ou non, que conteñan un 90% en peso de queixo: 54,45€/100 kg.

- oDemais queixos: 138,85€/100 kg

Os produtos subministrados foron, principalmente, leite e queixos e en menor proporción iogures, segundo se indica na seguinte gráfica.

Provincia	Leite	Iogures	Queixos
<b>A Coruña</b>	188.600,02	7.562,58	51.356,02
<b>Lugo</b>	12.934,25	1.007,26	2.009,67
<b>Ourense</b>	16.466,61	813,89	1.677,28
<b>Pontevedra</b>	29.906,35	60	5.902

Cadro 61  
Centros escolares e alumnos participantes no programa de leite escolar. Período 1 de setembro de 2010 a 31 de agosto de 2011

Provincia	Nº centros escolares	Nº alumnos
<b>A Coruña</b>	139	37.964
<b>Lugo</b>	9	2.078
<b>Ourense</b>	36	6.497
<b>Pontevedra</b>	74	11.942
<b>Galicia</b>	<b>258</b>	<b>58.481</b>

**\* Distribución das axudas por provincias**

Provincia	Nº expedientes	Tn	€uros
A Coruña	47	247,519	44.726,52
Lugo	30	15,951	2.876,93
Ourense	41	18,958	3.368,24
Pontevedra	28	35,868	6.499,91
Galicia	146	318,296	57.471,6

Cadro 62  
Distribución provincial das axudas á utilización de leite e produtos lácteos en centros escolares. Período 1 de setembro de 2010 a 31 de agosto de 2011

**f) Axuda ao almacenamento privado de manteiga**

O 1 de marzo de 2011 abriuse o almacenamento privado de manteiga, permanecendo aberto ata o 15 de agosto.

**Importes de axuda**

•18,06€ por tonelada almacenada para gastos fixos de almacenamento.

•0,35€ por tonelada e día de almacenamento contractual.

**\* Pagamento de axuda**

Unha empresa solicitou unha axuda polo almacenamento privado de 963 toneladas de manteiga, por un importe de 52.495,03€.

A finais de 2011 non había existencias de manteiga en réxime de almacenamento privado.

**g) Intervención de produtos lácteos**

A evolución dos prezos de mercado no sector lácteo no ano 2011 non fixo necesaria a realización de compras de intervención de manteiga e leite descremado en pó.



## E) SIXPAC

### Obxecto do SIXPAC.

O sistema integrado de xestión e control de axudas directas a explotacións da política agraria común estivo composto, desde o seu establecemento en 1993, entre outros elementos, polas solicitudes de axuda e por un sistema alfanumérico de identificación de parcelas, o que permitía a realización de controis administrativos e sobre o terreo.

No caso de España, o sistema de identificación de parcelas correspondía até o ano 2004 ás referencias catastrais en todo o territorio, pero no ano 2005, por obriga regulamentaria na UE, introduciuse un novo sistema gráfico dixital de identificación de parcelas agrícolas que utiliza técnicas de información xeográfica. En España este novo sistema utiliza ortofotoimaxes aéreas e denomínase Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC).

O SIXPAC regúlase polo Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, que establece que as comunidades autónomas son as responsables da explotación e mantemento do SIXPAC no seu territorio e que crea a “mesa de coordinación do SIXPAC”, na que cada comunidade autónoma integrada ten un representante. Esta mesa coordina a explotación e mantemento do SIXPAC e, entre outras funcións adicionais, acorda a información que estará vixente en cada campaña para a declaración e o control das axudas baseadas en superficies.

Nunha orde da Consellería do Medio Rural, actual Consellería do Medio Rural e do Mar, do 24 de xaneiro de 2005, que regulaba determinadas axudas da PAC nese ano e estableceu ademais o SIXPAC en Galicia, indícase no seu artigo 11 que esa Consellería, a través do FOGGA, é a responsable da explotación e mantemento do SIXPAC en Galicia.

Cadro 63  
Solicitudes de modificación do SIXPAC tramitadas. Campaña 2011.

Provincia	Solicitudes		Tipo de modificación (*)				
	Expedientes	Recintos	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5
<b>A Coruña</b>	501	1.173	924	0	217	0	32
<b>Lugo</b>	1.273	3.628	2.401	1	1.195	0	31
<b>Ourense</b>	169	566	433	0	133	0	0
<b>Pontevedra</b>	293	1.091	795	0	247	0	49
<b>Galicia</b>	<b>2.236</b>	<b>6.458</b>	<b>4.553</b>	<b>1</b>	<b>1.792</b>	<b>0</b>	<b>112</b>

(\*) *Descrición dos tipos de modificación: Tipo 1: Cambio de uso nun recinto completo. Tipo 2: Cambio de sistema de explotación (secaño/regadío) nun recinto completo. Tipo 3: Partición dun recinto para cambiar o uso en parte del. Tipo 4: Partición dun recinto para cambiar o sistema de explotación (secaño/regadío) en parte del. Tipo 5: Existencia de parcela situada en zona urbana que ten un uso agrícola.*

Provincia	Actualizacións completas	Actualizacións parciais	Total actualizacións
A Coruña	1.531	1.733	3.264
Lugo	5.713	10.691	16.404
Ourense	3.120	3.052	6.172
Pontevedra	3.443	2.031	5.474
<b>Galicia</b>	<b>13.807</b>	<b>17.507</b>	<b>31.314</b>

Cadro 64  
Cambios de usos en recintos SIXPAC tramitados. Campaña 2011.

Uso anterior	Uso actualizado								
	FO	FY	PA	PR	PS	TA	TH	VI	Total
Correntes de auga (AG)	-	-	-	-	-	1	-	-	1
Viais (CA)	-	-	2	3	4	12	1	7	29
Forestal (FO)	-	-	-	1	-	-	-	-	1
Froiteira (FY)	-	87	309	625	119	1.033	1	328	2.502
Improdutivo (IM)	8	-	18	1	1	23	2	24	77
Pasto con arboredo (PA)	2	-	4	2	6	49	-	6	69
Pasto arbustivo (PR)	6	3	-	3	9	81	3	16	121
Pasteiro (PS)	71	66	8	-	310	1.840	35	153	2.483
Terra arable (TA)	159	65	66	235	1	16	-	13	555
Horta (TH)	89	61	54	174	10	-	-	101	489
Viñedo (VI)	-	-	-	4	-	-	-	-	4
Zona urbana (ZU)	-	-	-	-	1	14	-	-	15
Correntes de auga (AG)	-	-	-	2	33	76	-	1	112
<b>Total</b>	<b>335</b>	<b>282</b>	<b>461</b>	<b>1.050</b>	<b>494</b>	<b>3.145</b>	<b>42</b>	<b>649</b>	<b>6.458</b>

Cadro 65  
Actualizacións do SIXPAC non solicitadas, baseadas en controis da xestión de axudas. Campaña 2011.

En relación cos datos da campaña anterior, no 2011 redúxose no 13,57% o número de expedientes de modificación do SIXPAC xestionados a petición dos agricultores, reducíndose, asimismo, o número de recintos afectados nun 24,99 %. Por outra banda, increméntase o número de modificacións derivadas dos controis sobre o terreo de solicitudes de axudas pasando o número de recintos afectados de 24.322 no ano 2009 a 25.138 en 2010 e a 31.314 en 2011.

A integración no sistema das solicitudes aceptadas ou dos cambios determinados a partir dos controis das axudas realízase por edición directa do FOGGA na base de datos central do SIXPAC do FEGA cando implican modificación da información gráfica ou, nos outros casos, mediante o envío ao FEGA de ficheiros de intercambio de información masiva e alfanumérica.

### Renovación do SIXPAC.

Ademais dos cambios puntuais mencionados con anterioridade existen actuacións periódicas de “renovación” do SIXPAC que determinan a actualización masiva dos recintos, normalmente en concellos completos.

A Comisión Europea recomenda que se actualice cada 5 anos a cobertura de ortoimaxes correspondentes ao sistema de información xeográfica para a identificación das parcelas agrícolas no sistema integrado de xestión e control.


O xa mencionado Real decreto 2128/2004 establece que a “mesa de coordinación” acordará a forma e condicións da actualización do SIXPAC e aprobará o plan de renovación do sistema, incluíndo a actualización de ortofotos, modificacións parcelarias (debidas por exemplo a renovacións do Catastro, a concentración parcelaria ou á execución de obras civís de gran envergadura), capas temáticas de usos agrarios e canta información deba ser obxecto de renovación periódica. O Real decreto obriga tamén a coordinar a información coa do Catastro.

En definitiva, as dúas causas principais que determinan a renovación dun concello no SIXPAC son a integración dunha nova cobertura de ortofotos e os cambios relacionados co Catastro.

### Renovación da ortofotografía aérea.

As previsións de renovación da ortofoto no SIXPAC realízanse tendo en conta a planificación de produción de ortofotos establecida polo Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA), cuxa execución corresponde ao Instituto Xeográfico Nacional (IGN) conxuntamente coas Comunidades Autónomas.

No ano 2011 o SIXPAC dispuxo da mesma cobertura de ortofotos que no ano 2010, que é a que se pode observar no mapa nº 1



Pese a non haber no ano 2011 renovación do SIXPAC por integración de novas ortofotos, sí que se rematou a elaboración de novas ortofotos obtidas a partir de voos fotogramétricos realizados nese ano e que afectaron a un total de 127 concellos das provincias de Lugo e Ourense polo que para o ano 2012 estarán dispoñibles novas coberturas de ortofotos da zona oriental de Galicia.

<b>Superficie total da C A de Galicia (Km<sub>2</sub>)</b>	<b>29.547,96</b>	Cadro 66 Situación a 31 de decembro dos traballos de converxencia SIXPAC- Catastro en Galicia.
<b>Municipios totales</b>	315	
<b>CONVERXENCIA PUBLICADA</b>	-	
<b>Municipios con converxencia publicada</b>	291	
<b>% municipios con converxencia publicada</b>	92,38	
<b>Superficie (Km<sup>2</sup>)</b>	27.432,60	
<b>% superficie</b>	92,84	

#### Renovación da malla catastral.

No inicio do ano 2011 integráronse no SIXPAC de Galicia 34 concellos que foron renovados por actualización, durante o ano 2010, da malla catastral. A información do SIXPAC correspondente a esta malla renovada xa foi utilizada nas declaracións da campaña 2011.

#### Plan de converxencia con Catastro.

No ano 2011 continuaron os traballos do proxecto denominado "Plan de converxencia con Catastro" establecido no convenio de colaboración suscrito no ano 2007 entre o FEGA e a Dirección Xeral de Catastro. Como resultado deses traballos, a 31 de decembro de 2011 Galicia conta con 291 concellos renovados e con converxencia publicada, conforme se resume no cadro seguinte.

É de esperar que no ano 2012 rematen os traballos do Plan de converxencia polo que a partir dese momento existirá unha única malla catastral, común para Catastro e SIXPAC, así como un procedemento de intercambio de información que asegurará o mantemento da converxencia.

#### Actualización do uso viñado en SIXPAC.

A mediados do ano 2007 púxose en marcha o proxecto denominado "Revisión do uso viñado no SIXPAC", cuxo obxecto é actualizar a superficie de viñado no SIXPAC.

A metodoloxía que se está aplicou neste proxecto, ten como unidade base o término municipal, e consta das fases seguintes:

- Clasificación de cada término municipal segundo a superficie ocupada polo viñado no seu territorio.

- Revisión dos recintos “in situ” se a intensidade do cultivo en cada polígono catastral é notable e fotointerpretación se a superficie do cultivo é escasa.


- Obtención dunha correlación entre os recintos de uso viñado do SIXPAC e as parcelas vitícolas dos rexistros vitícolas elaborados en cada Comunidade autónoma.

#### Outras actuacións de actualización en SIXPAC.

Durante o ano 2011 desenvolveronse tamén outros diversos traballos de actualización e mantemento do SIXPAC, entre os que destacan a actualización de recintos de uso PA (pasto con arboredo) e a dixitalización de parcelas con cambio de uso a FO (forestal).

Cadro 67  
Solicitudes de modificación do SIXPAC tramitadas. Campaña 2011.

Provincia	Axudas forestais (2008-2009-2010)	Consortios	Actualizacións totais
<b>A Coruña</b>	13	565	578
<b>Lugo</b>	1.900	623	2.523
<b>Ourense</b>	322	797	1.119
<b>Pontevedra</b>	219	402	621
<b>Total</b>	<b>2.454</b>	<b>2.387</b>	<b>4.841</b>



Provincia	Cambios en recintos	Novo uso	Número de recintos	Sup (ha)
	Totales	FO	217	138,36
<b>A Coruña</b>	Parciales	FO	46	44,56
	-	PA	46	22,92
	Totales	FO	981	753,51
<b>Lugo</b>	Parciales	FO	166	213,89
	-	PA	166	224,57
	Totales	FO	111	25,66
<b>Ourense</b>	Parciales	FO	24	11,18
	-	PA	24	4,14
	Totales	FO	40	17,11
<b>Pontevedra</b>	Parciales	FO	13	11,39
	-	PA	13	5,61
<b>O</b>	Totales		1.349	934,64
	Parciales		249	281,02
<b>Total FO</b>	-		-	1.215,66
<b>Total Pa</b>	-		-	257,24
<b>Total</b>	-		<b>1.598</b>	<b>1.472,90</b>

Cadro 68  
Resultados da revisión do  
uso PA. FEAGA.

## E) Xestión de axudas ao desenvolvemento rural

### Obxectivo:

Promoción dun desenvolvemento rural sostible en toda a Comunidade, como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da PAC, da política de cohesión e a Política Pesqueira Común (PPC).

### Obxectivos específicos:

- Aumentar a competitividade da agricultura e a silvicultura mediante a axuda á reestruturación, o desenvolvemento e a innovación.

- Mellorar o medio ambiente e o medio rural mediante a xestión de terras.

- Mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da actividade económica.

**Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia para a etapa 2007/2013:**

O PDR artículase en torno a catro eixes: 1) Aumento da competitividade o sector agrícola e forestal; 2) Mellora do medio ambiente e do entorno natural; 3) Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural; e, 4) Leader.

No Eixo 2 inclúense catro medidas destinadas á utilización sostible de terras agrícolas postas en marcha en Galicia:

(211) Axudas destinadas a indemnizar aos agricultores polas dificultades naturais en zonas de montaña.

(212) Axudas destinadas a indemnizar aos agricultores polas dificultades naturais en zonas distintas das de montaña.

(214) Axudas agroambientais.

(215) Axudas ao benestar dos animais.

**1.- INDEMNIZACIÓN COMPENSATORIA**

Integrada na solicitude unificada de axudas da Política Agraria Común e o de Rural (PAC - DR 2011).

As axudas concédense a persoas físicas coa condición de titular ou cotitular de explotacións que desenvolven a súa actividade agraria en zonas desfavorecidas, de montaña ou distintas das de montaña.

O solicitante ten que ser agricultor a título principal, ben a título individual ou como socio dunha entidade asociativa.

**Requerimentos da explotación:**

Debe ter a súa superficie declarada, en parte ou totalmente, sobre as zonas desfavorecidas indicadas no Anexo 21 da orde da convocatoria de 2011.

- Explotacións gandeiras de vacún, ovino-cabrún ou equino:

oCarga máxima: 2,00 UGM/ha de superficie forraxeira.

oCarga mínima:

- zonas desfavorecidas de montaña: 0,4 UGM/ha.
- zonas desfavorecidas distintas das anteriores: 0,70 UGM/ha.

•Resto de explotacións gandeiras e para as estrictamente agrícolas: non se determina nin se establece límite para a carga gandeira.

Tódalas explotacións tiñan que ter unha superficie agrícola superior a 2 has en zonas desfavorecidas.

### Compromisos dos solicitantes:

- Manter a actividade agraria en zonas desfavorecidas, polo menos durante os 5 anos seguintes á data en que cobre a indemnización, agás en caso de xubilación ou forza maior.

- Exercer unha agricultura sustentable empregando métodos e prácticas agrícolas que permitan manter boas condicións agrarias e agroambientais, adecuadas as características agrarias da localidade, compatibles co ambiente e o mantemento do campo e da paisaxe, indicadas no Anexo 24 da orde da convocatoria.

### Importes e concesións das axudas:

- O importe da axuda ten un límite inferior de 300€ e un superior de 2.500€.

- Axuda en réxime de concorrencia competitiva. Establecidos criterios de puntuación dos expedientes en función de se o solicitante é mozo, muller, se tiña aprobada algunha liña de axudas agroambientais, se tiña superficie en Rede Natura, se tiña subscrito un contrato de explotación sustentable ou se tiña unha explotación prioritaria.

### \* Xestión da axuda

Despois de feitos os controis correspondentes, e aplicadas as puntuacións previstas na normativa reguladora para a concorrencia competitiva, aprobáronse as solicitudes que cumprindo os requisitos para acceder ás axudas alcanzaron unha puntuación superior a 13 puntos en zonas de montaña e de 29 en zona desfavorecida.

Provincia	Zona montaña	Zona desavorecida	Total
<b>A Coruña</b>	626	1.726	2.352
<b>Lugo</b>	4.579	4.928	9.507
<b>Ourense</b>	1.054	521	1.575
<b>Pontevedra</b>	469	1.540	2.009
<b>Total</b>	<b>6.728</b>	<b>8.715</b>	<b>15.443</b>

Cadro 69  
Solicitudes de indemnizacións compensatoria recibidas na campaña 2011

Os pagos realizados desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2011 corresponderon as solicitudes das campañas 2008, 2009, 2010 e 2011 segundo a distribución indicada nos cadros inferiores.

Coma se pode comprobar no segundo cadro "Distribución de pagos de indemnización compensatoria segundo zonas e provincias. Datos campaña 2011", o importe medio por solicitante na campaña 2011 foi de 1.360,7€, sendo maior na zona de montaña (1.468,1€) ca na zona desfavorecida (1.140,9€).



Total solicitantes: 1.428

Cadro 70  
Pagamentos de indemnización compensatoria correspondentes ás campañas 2008, 2009 e 2010

	Zona montaña		Zona desfavorecida	
	Solicitantes	€	Solicitantes	€
<b>Campaña 2008</b>	15	31.285,5	11	14.319,04
<b>Campaña 2009</b>	89	142.069,41	63	58.248,71
<b>Campaña 2010</b>	693	988.762,55	557	593.919,65
<b>Total</b>	<b>797</b>	<b>1.152.117,46</b>	<b>631</b>	<b>666.487,4</b>

Total solicitantes: 7.363

Importes totais: 10.018.937,76

Cadro 71  
Distribución de pagos de indemnización compensatoria segundo zonas e provincias. Datos campaña 2011

	Zona montaña		Zona desfavorecida	
	Solicitantes	€	Solicitantes	€
<b>A Coruña</b>	454	598.298,91	341	424.786,62
<b>Lugo</b>	3.507	5.248.917	1.633	1.886.747,74
<b>Ourense</b>	684	1.082.834,55	109	99.964,75
<b>Pontevedra</b>	301	331.187,04	334	346.201,1
<b>Galicia</b>	<b>4.946</b>	<b>7.261.237,5</b>	<b>2.417</b>	<b>2.757.700,26</b>

## 2.- CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE (CES)

Ao igual que a indemnización compensatoria, o CES -que está previsto no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013- está integrado na solicitude unificada de axudas da Política Agraria Común e o de Rural (PAC - DR 2011).

O CES establécese co obxecto de reforzar o carácter multifuncional da actividade agraria, mellorar a sustentabilidade das explotacións e apoiar o desenvolvemento sustentable das áreas rurais.

### Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013: medidas

- Axudas agroambientais para os produtores que establezan métodos de produción respetuosos co medio ambiente e que subscriban de forma voluntaria compromisos agroambientais:

- oCobren compromisos con maiores esixencias que a condicionalidade, os requisitos mínimos de abonos e fitosanitarios e os requisitos obrigatorios da lexislación nacional establecidos no programa de desenvolvemento rural 2007-2013.

o Por un período de 5 anos.

o Teñan custos adicionais ou perda de ingresos.

o Importes unitarios limitados e que non poden superar uns máximos comunitarios.

Submedidas e obxectivos específicas:

\* Variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética

\* Control integrado e produción integrada

\* Agricultura e gandaría ecolóxicas

\* Loita contra a erosión en medios fráxiles

\* Mantemento de razas autóctonas puras en perigo de extinción

\* Utilización racional dos recursos forraxeiros

\* Apicultura para a mellora da diversidade en zonas fráxiles

\* Mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos incluídos na Rede Natura 2000.

• Axudas relativas ao benestar dos animais para os produtores que adopten sistemas de cría de animais en avicultura e produción porcina que, superando as normas obrigatorias de aplicación, garantan o seu benestar e sanidade e permitan o mantemento dunha explotación viable.

Submedidas ou liñas de axuda:


\* Avicultura de curral para produción de carne

\* Porcino ao aire libre para a cría e ceba

### \* Resultados da xestión

No 2011 puideron solicitar o pagamento do CES os agricultores que solicitaron no ano 2008, 2009 ou 2010 e teñan importes aprobados. Polo tanto, non se aceptaron novas solicitudes, nin novas liñas nin ampliación de compromisos en liñas xa comprometidas para o período 2007-2013. Deste xeito, tódalas solicitudes recibidas en 2011 corresponden a expedientes de pago.

Total 4.763



Na campaña 2011 continuouse coa xestión dos expedientes das campañas anteriores, realizándose os pagos das axudas solicitadas en 2008, 2009 e 2010, por un importe total de 24.275.981,74€.

	Campaña 2008		Campaña 2009		Campaña 2010		Total	
	Expend.	Importes	Expend.	Importes	Expend.	Importes	Expend.	Importes
<b>Control integrado e producción integrada</b>	10	15.781,58	712	630.841,54	2.744	2.197.898,57	3.466	2.844.521,69
<b>Variedades autóctonas risco erosión xenética</b>	-	-	12	24.666,73	28	49.430,37	40	74.097,1
<b>Loita contra a erosión medios fráxiles</b>	1	1.237,68	318	189.760,76	929	474.454,16	1.248	665.452,6
<b>Apicultura en zonas fráxiles</b>	-	-	10	47.939,70	-	-	10	47.939,70
<b>Utilización racional dos recursos forraxeiros</b>	87	157.473,77	1.570	5.847.576,56	5.158	12.775.232,82	6.815	18.780.283,15
<b>Mellora do medio físico en rede natura 2000</b>	-	-	2	8.689,74	2	7.865,10	4	16.554,84
<b>Mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción</b>	3	4.531,60	128	404.716,69	270	572.013,20	401	981.261,49
<b>Agricultura gandaría ecolóxica</b>	10	14.034,88	92	308.539,53	192	537.066,89	294	859.641,3
<b>Benestar animal</b>	-	-	-	-	4	6.229,87	4	6.229,87
<b>Totais</b>	<b>111</b>	<b>193.059,51</b>	<b>2.8447.462.731,25</b>	<b>9.3276.620.190,98</b>	<b>12.2824.275.981,74</b>			

Cadro 72  
Distribución de solicitudes  
do CES pagadas en 2011, co-  
rrespondentes ás campañas  
2008, 2009 e 2010

## F.- IRREGULARIDADES DETECTADAS E CORRECCIÓNS FINANCEIRAS NO EXERCICIO

### Corresponsabilidade financeira, orixinada polos pagamentos fora de prazo, correspondentes aos exercicios 2007 e 2008.

A Decisión da comisión do 29 de abril de liquidación de contas dos organismos pagadores correspondentes aos gastos financiados polo FEAGA, determinou o importe a recuperar dos reembolsos enviados a España, dos que unha vez seguido o procedemento establecido, o FEAGA, comunicounos en resolución que o importe correspondente ao Organismo Pagador de Galicia como consecuencia da penalización dos pagamentos efectuados fóra de prazo é de 1.041,94€ correspondentes ao exercicio financeiro 2007, e 33.977,30 € correspondentes ao exercicio financeiro 2008.

A Secretaría do FOGGA para dar cumprimento a esta Decisión:

1º) Tramitou e contabilizou o documento contable ADOK por importe total de 35.029,54 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.90.713F.702.0 a favor do FEAGA ORGANISMO DE COORDINACION (Q2821023).

2º) En data 27/05/2011 realizou a transferencia ao FEAGA de dito importe.

### Decisión de Liquidación contable do exercicio 2006. Irregularidades

De conformidade cos cadros 1 e 2 presentados polas autoridades españolas de acordo co anexo III do Regulamento (CE) nº 885/2006 da Comisión sobre os procedementos de recuperación de irregularidades, as consecuencias financeiras da non recuperación o cargo do Estado membro, conforme o artigo 32 do Regulamento (CE) nº. 1290/2005 do Consello, (Regra do 50%-50%, a Comisión asume o 50% da débeda pendente de recuperar e o estado membro o outro 50%) establécese na Decisión de Liquidación contable do exercicio 2006, correspondendo ao organismo pagador de Galicia o importe de 3.007,19 €.



A Secretaría do FOGGA para dar cumprimento a esta Decisión:

1º) Tramitou e contabilizou o documento contable extraorxamentario MP por importe total de 3.007,19 € con cargo ao concepto extraorxamentario 321302 "Outros ingresos" a favor do FEAGA ORGANISMO DE COORDINACION (Q2821023).

2º) En data 30-12-11 realizou a transferencia ao FEAGA de dito importe.

	Fondo	Exercicio	Importe€	CADRO 73 Correccións financeiras de- tectadas
<b>Irregularidades-</b>				
<b>Decisión liquidación contable</b>	FEAGA	2006	3.007,19	
<b>Corresponsabilidade financeira por pagamentos fora de prazo-</b>				
<b>Decisión liquidación contable</b>	FEAGA	2007	1.041,94	
<b>Corresponsabilidade financeira por pagamentos fora de prazo-</b>				
<b>Decisión liquidación contable</b>	FEAGA	2008	33.977,30	

### 3.2.- ACTIVIDADES DE SOPORTE

#### A) Xestión de persoal

En materia de recursos humanos e réxime interior as tarefas desenvolvidas polo FOGGA ao longo do ano 2011 foron as ordinarias nas seguintes materias:

- Habilitación: xestión dos gastos de persoal -nóminas e Seguridade Social- así como dos gastos correntes en bens e servizos.

- Xestión de persoal: tramitación de todas as actuacións e incidencias producidas ao longo do ano en relación coa xestión do persoal funcionario e laboral dependente do organismo, tanto de servizos centrais como provinciais.

- Xestión do réxime interior: respecto do persoal pertencente aos servizos centrais do organismo.

Inclúense, con carácter xeral, as seguintes tarefas:

a. A xestión orzamentaria dos capítulos I (persoal) e II (gastos correntes e de servizos), coa xestión de 104 pagamentos por un importe de 4.667.944,76€ no primeiro caso (3.801.178,61€, de retribucións de persoal, e 866.766,15€ para os custos da Seguridade Social, Muface e outros), e de 844 expedientes de adquisición de bens correntes e de servizos, por importe de 479.171,91€ no segundo caso.

b. A tramitación das altas, baixas e modificacións na Seguridade Social e tramitación de IT (221).

c. A tramitación dos partes de variación da nómina do persoal (149).

d. A elaboración das tomas de posesión, cesamentos, readscricións e trienios do persoal do organismo (97).

e. A tramitación das solicitudes de comisións de servizos e cobertura temporal de vacantes (25).

f. A emisión de todas as certificacións relativas ao persoal, incluídas as dos concursos, cursos de formación, fondo de acción social e de haberes (347).

g. O control horario diario e mensual (496 partes), xunto coa tramitación das tarxetas identificativas do persoal e a súa actualización (14).

h. A tramitación dos permisos, vacacións e licenzas (305)

i. O control de entrada e saída do rexistro administrativo nos servizos centrais (4.431 entradas e 5.221 saídas).

Cadro 74  
Persoal funcionario e labo-  
ral por destinos. Datos a 31  
de decembro de 2011

	Persoal funcionario		Persoal laboral	
	De carreira	Interino	Fixo	Temporal
<b>SS.CC</b>	32	8	1	3
<b>SS.PP</b>	54	9	9	11
<b>Total</b>	<b>86</b>	<b>17</b>	<b>10</b>	<b>14</b>

Total: 127

SS.CC: 44

SS.PP: 83

Cadro 75  
Variación de efectivos con  
respecto ao exercicio anterior.  
datos a 31 de decembro  
de 2011.

	Persoal funcionario			Persoal laboral		
	31-12-2010	31-12-2011	Variación	31-12-2010	31-12-2011	Variación
<b>SS.CC</b>	44	40	-4	1	4	3
<b>SS.PP</b>	63	63	0	21	20	-1
<b>Total</b>	107	103	-4	22	24	2

Por execución de sentenzas dos xulgados do Social, toman posesión como persoal laboral indefinido non fixo 2 persoas no ano 2011.

Tras o acondicionamento do arquivo levado a cabo xa no ano 2006, durante este exercicio realizáronse tarefas de reorganización e arquivo dos expedientes xestionados polo organismo en servizos centrais, de acordo cos criterios indicados polo responsable do Arquivo Xeral da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte.

## 1.- XESTIÓN DO ORZAMENTO

### a) Orzamento de gastos. Liquidación

O estado de execución do orzamento de gastos (Servizo 13.90. Fondo Galego de Garantía Agraria), programas 713 F: Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores, 712 B:

#### B) Xestión económica

Modernización e diversificación do tecido produtivo rural, ao 31/12/2011 é o establecido no cadro 6-1, precisándose, no cadro 6-2 seguinte, o estado de execución dos seus capítulos VI e VII.

Coma se pode apreciar no cadro inferior, a porcentaxe de execución do orzamento de gastos foi do 93,49%.

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións incorporacións adscripcións	Créditos definitivos	Obrigas	Remanente	%
<b>Capítulo I: Gastos de persoal</b>	4.890.837	-105.426,46	4.785.510,54	4.667.944,76	117.565,78	97,94
<b>Capítulo II: Gastos en bens correntes e servizos</b>	743.064	-162.648,78	580.415,22	479.171,91	101.243,31	82,56
<b>Capítulo IV: Transferencias correntes</b>	20.000	1.931,76	18.068,24	15.641,74	2.426,5	86,57
- A Xenética Fontao	20.000	-10.294	9.706	7.279,5	2.426,5	
- A CC.AA		8.362,24	8.362,24	8.362,24		
<b>Capítulo VI: Investimentos reais</b>	1.629.203	298.149,02	1.927.352,02	1.455.242,22	472.109,8	75,5
<b>Capítulo VII: Transferencias de capital</b>	84.354.463	159.515.306,33	243.689.769,33	228.216.129,53	15.653.639,8	93,58
- A produtores PAC	47.622.286	158.267.627,91	205.889.913,91	191.990.754,52	13.899.159,39	5.452.036,96
- A Xenética Fontao	150.000		150.000		150.000	
- Ao FEGA		35.019,24	35.019,24	35.019,24		
<b>Modernización e diversificación tecido</b>	36.582.177	1.212.659,18	37.794.836,18	36.190.355,77	1.604.480,41	
<b>Total</b>	<b>91.637.667</b>	<b>159.543.448,35</b>	<b>251.181.115,35</b>	<b>234.834.130,16</b>	<b>16.346.985,19</b>	<b>93,49</b>

Cadro 76  
Execución orzamento de  
gastos



Cadro 77  
Execución do orzamento ao  
31/12/2011 capítulos VI e VII

	Proxecto	Clasif. econ.	Créditos iniciais	Modificac.	Créditos defin.	Obrigas	Reman.	Mod. Finan.
<b>INVESTIMENTOS REAIS</b>								
Equipos proc. informac.	2011 00003	626.1	15.000,00	17.300,00	32.300,00	11.754,84	20.545,16	F. propios
Reformas edificios	2011 0004	632.1	15.000,00	94.642,00	109.642,00	109.641,85	0,15	F. propios
Inmovil inmaterial	2011 09006	640.1	1.599.203,00	-313.405,17	1.285.797,83	849.525,57	436.272,26	F. propios
Xestión coordinada controis	2011 00008	640.1		466.390,39	466.390,39	466.390,39	0,00	Axe. e Fp. cofin.
Medida comp. froita escolar	2011 00010	640.2		33.221,80	33.221,80	17.929,57	15.292,23	
<b>TOTAL CAP. VI 713F</b>			<b>1.629.203,00</b>	<b>298.149,02</b>	<b>1.927.352,02</b>	<b>1.455.242,22</b>	<b>472.109,80</b>	
<b>TRANSFERENCIAS CAPITAL</b>								
A Xenética Fontao S.A.	2011 00001	741.0	150.000,00		150.000		150.000,00	F. propios
Axudas PAC superficies leite para escolares	2008 0008	779.0	6.749.100,00	-49.100,00	6.700.000,00	2.106.214,86	4.593.785,14	FEAGA
Primas gandeiras	2008 00009	779.1	40.741.897,00	158.316.727,91	199.058.624,91	189.804.635,54	9.253.989,37	FEAGA
Froita escolar	2009 00009	779.0	131.289,00		131.289,00	79.904,12	51.384,88	FEAGA/F. propios
Ao FEAGA corresp. financeira	2011 00009	779.1		35.019,24	35.019,24	35.019,24	0,00	F. propios
<b>TOTAL CAP. VII 713F</b>			<b>47.772.286,00</b>	<b>158.302.647,15</b>	<b>206.074.933,15</b>	<b>192.025.773,76</b>	<b>14.049.159,39</b>	
Contr. agroamb. explot.	2007 00403	772.1	24.299.133,00	1.281.310,96	25.580.443,96	24.339.677,36	1.240.766,60	FEADER MARM-X
Axudas zonas especiais	2007 00404	772.1	7.261.941,00		7.261.941,00	7.261.237,50	703,50	FEADER MARM-X
IC non de montaña	2007 00985	772.1	2.420.646,00	95.337,34	2.515.983,34	2.515.947,06	36,28	FEADER MARM-X
Contr. explot. sustent.	2008 00436	772.1	23.067,00	50.563,88	73.630,88	11.120,09	62.510,79	FEADER MARM-X
Recursos ICS zonas especiais	2011 00005	772.1	985.069,00	172.732,22	1.157.801,22	1.156.071,68	1.729,54	FEADER-XUNTA
Recursos ICS non montaña	2011 00006	772.1	1.592.321,00	-387.285,22	1.205.035,78	906.302,08	298.733,70	FEADER-XUNTA
<b>TOTAL CAP. VII 712B</b>			<b>36.582.177,00</b>	<b>1.212.659,18</b>	<b>37.794.836,18</b>	<b>36.190.355,77</b>	<b>1.604.480,41</b>	
<b>TOTAL CAP. 7</b>			<b>84.354.463,00</b>	<b>159.515.306,33</b>	<b>243.869.769,33</b>	<b>228.216.129,53</b>	<b>15.653.639,80</b>	
<b>CAPÍTULO VI E VII</b>			<b>85.983.666,00</b>	<b>159.813.455,35</b>	<b>245.797.121,35</b>	<b>229.671.371,75</b>	<b>16.125.749,60</b>	



## b) Modificacións orzamentarias

Con respecto aos créditos iniciais (91.637.667 €), as modificacións orzamentarias aprobadas no exercicio ascenderon a un total de 159.543.448,35 euros, destacando a ampliación e incorporación de créditos FEAGA por importe de 158.267.627,91 €, así como a incorporación de créditos FEADER e a MARM por importe de 1.427.212,18€.

Capítulos	Ampliacións	Incorporac.	Baixas	Transfer. positivas	Transfer. negativas	Total	Cadro 78 Modificacións orzamentarias
<b>1. Gastos de persoal</b>	<b>13.540,80</b>		<b>160.000,00</b>	<b>54.517,74</b>	<b>13.485,00</b>	<b>-105.426,46</b>	
Cotas S. Social lab. indef. execución sentenzas	13.540,80					13.540,80	
Integración persoal SODECO en AGADER			-160.000,00			-160.000,00	
Pluses acción social xubilacións				9.585,00	9.585,00	0,00	
Laborais indefinidos execución sentenzas				44.932,74	3.900,00	41.032,74	
<b>2. Gastos bens correntes</b>	<b>0,00</b>		<b>162.648,78</b>	<b>12.000,00</b>	<b>12.000,00</b>	<b>-162.648,78</b>	
Financiamento alugueres				12.000,00	12.000,00		
Gastos comúns Presidencia (limp. seg. mant.)			162.648,78			-162.648,78	
<b>4. Transferencias correntes</b>	<b>8.362,24</b>		<b>10.294,00</b>			<b>-1.931,76</b>	
Plan de austeridade C.M.R.			10.294,00			-10.294,00	
Devolución remanente de tesorería	8.362,24					8.362,24	
<b>6. Investimentos reais</b>	<b>387.741,80</b>		<b>13.540,80</b>	<b>111.942,00</b>	<b>187.993,98</b>	<b>298.149,02</b>	
Laborais indefinidos exec. sentenzas			13.540,80		41.032,74	-54.573,54	
Xestión coordinada controis 2010/2011	198.000,00					198.000,00	
Xestión coordinada controis 2011/2012	145.000,00					145.000,00	
Medidas acompañ. froita escolar (f dos marm.)	33.221,80					33.221,80	
Aplicación sexu	11.520,00					11.520,00	
Reforma edificios sala xuntas serv. prov. Pontevedra				94.642,00	94.642,00		
Adquisición de equipos				17.300,00	17.300,00		
Corresponsabilidade financeira FEAGA					35.019,24	-35.019,24	
<b>7. Transferencias capital 713F</b>	<b>143.218.000,99</b>	<b>15.049.626,92</b>		<b>35.019,24</b>		<b>158.302.647,15</b>	
Corresponsabilidade financeira FEAGA				35.019,24		35.019,24	
Produtores PAC froita escolar (FEAGA 100%)	143.218.000,99	15.049.626,92				158.267.627,91	
<b>7. Transferencias capital 712B</b>	<b>300.000,00</b>	<b>1.127.212,18</b>	<b>214.553,00</b>			<b>1.212.659,18</b>	
<b>2007 00403 CES agroambientais</b>	<b>300.000,00</b>	<b>1.127.212,18</b>				<b>1.427.212,18</b>	
<b>2011 00006 recursos</b>			<b>214.553,00</b>			<b>-214.553,00</b>	
<b>Total</b>	<b>143.927.645,83</b>	<b>16.176.839,10</b>	<b>561.036,58</b>	<b>213.478,98</b>	<b>213.478,98</b>	<b>159.543.448,35</b>	

## 2.- TESOURERÍA

A Secretaria do FOGGA realizou as operacións de contabilidade e tesouraría do organismo. Os pagamentos realizados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias, con cargo ás contas do organismo (Operativa, FEAGA, FEADER, MARM-Xunta e Intervención de mercados), ascenderon a 436.674.228,21 euros e o número de pagamentos foi de 1.370, co seguinte detalle:

Pagamentos	Nº pagos	Importe €
<b>Orzamentarios (exercício corrente e anteriores)</b>	576	229.318.999,77
<b>Extraorzamentarios</b>	794	207.355.228,44
<b>Total</b>	<b>1.370</b>	<b>436.674.228,21</b>

## 3.- CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA: contratos de servizos

**Obxecto do contrato: Servizo de mantemento e evolución do sistema de información denominado "sistema integrado de xestión e control de axudas" para o FOGGA**

	Procedemento aberto
<b>Sistema de execución</b>	Procedemento aberto
<b>Adxudicatario</b>	SERESCO
<b>Importe adxudicación</b>	<b>Total: 659.347,21</b>
	2011: 146.534,40
	2012: 341.875,21
	2013: 170.937,60

### C) Organismo pagador dos fondos europeos

De conformidade co previsto nos regulamentos (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, e 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do anterior, en canto á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación das contas do FEAGA e do FEADER, o Decreto 155/2006, do 7 de setembro (DOG nº 181, do 19), polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, constitúe ao Fondo Galego de Garantía Agraria como o organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo FEAGA e polo FEADER, logo da autorización efectuada mediante a Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar, do 4 de outubro de 2007 (DOG nº 196, do 9).

Nos seguintes apartados sinálanse, por separado, as actuacións do FOGGA como organismo pagador do Fondo Europeo Agrario de Garantía (FEAGA), por unha parte, e como organismo pagador do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER), por outra.

Posteriormente, revisaremos as relacións que mantén o organismo pagador en relación coas diferentes entidades coas que se relaciona na concesión de subvencións con cargo ao FEAGA e o FEADER.

## 1.- FEAGA

No exercicio das funcións que lle son propias como organismo pagador, no ano natural 2011 (01/01/11 ao 31/12/11) e no exercicio FEAGA 2011 (16/10/10 ao 15/10/11), o FOGGA tramitou a concesión das subvencións con cargo ao FEAGA -fase de autorización do pagamento- agás as subvencións á reestruturación e reconversión do viñado e á apicultura tramitadas -nesa fase de autorización do pagamento- pola Dirección Xeral de Producción de Producción Agropecuaria e a axuda á promoción nos mercados en terceiros países tramitada -nesa fase de autorización do pagamento- pola Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, conforme o previsto no Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro (DOG 24-01-2012). O 29 de xullo de 2009 ditáronse as resolucións polas que se establecen as condicións de delegación das funcións de autorización dos pagamentos financiados polos fondos agrarios europeos, onde o FOGGA se compromete a garantir a coordinación das actuacións, o que se pretende, sen prexuízo das outras accións, a través da emisión de instrucións dirixidas a todas as unidades que interveñen na xestión dos fondos europeos agrarios en Galicia.

No tocante á execución e contabilización do pagamento, a Secretaría do FOGGA realizou as de todas as axudas FEAGA, que ascenden a 169.628.875,88 € no exercicio orzamentario FEAGA 2011 (que abrangue do 16 de outubro de 2010 ao 15 de outubro de 2011) e a 195.056.283,87 € se temos en conta o período orzamentario correspondente ao ano natural, isto é, desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2011.



No seguinte cadro refléxanse os pagamentos FEAGA efectuados no 2011, tanto en exercicio FEAGA (16-10-2010/15-10-2011) coma en ano natural (01-01-2011/31-01-2011).

Cadro 79  
Pagamentos FEAGA 2011

		Exercicio FEAGA 2011 (16 - 10 - 2010/ 15 - 10 - 2011)	Ano natural 2011 (01 - 01 - 2011/ 31 - 12 - 2011)
<b>Ordenación mercados agrícolas</b>	Froita escolar	31.124,91	57.622,95
	Sector vitivinícola	2.899.655,02	3.078.596,47
	Interv. almac. manteiga	0	52.495,03
	Leite para escolares	52.168,66	56.466,86
	Axuda específica ao sector lácteo	4.831,78	4.831,78
	Almacenamento carne porcino	167.091,22	239.687,83
	Axuda específica á apicultura	142.8091,12	142.801,12
	<b>Total ordenación mercados agrícolas</b>	<b>3.297.672,71</b>	<b>3.632.502,04</b>
<b>Axudas directas</b>	Réxime de pagamento único	107.475.955,35	115.964.614,78
	Pagamentos por superficie cultivada	6.201,1	928,08
	Vacún	33.480.887,71	50.560.437,22
	Ovino e cabrún	36.430,09	14.025,9
	Leite e produtos lácteos	7.262.172,12	6.802.429,97
	Axuda específica sector lácteo	18.226.124	18.413.440,29
	Modulación	83.578,86	-999,49
	<b>Total axudas directas</b>	<b>166.571.349,23</b>	<b>191.754.876,75</b>
<b>Irregularidades do FEAGA</b>	-240.146,06	-331.094,92	
<b>Total exercicio</b>	<b>169.628.875,88</b>	<b>195.056.283,87</b>	

## 2.- FEADER

No caso das medidas FEADER, a función de autorización dos pagamentos tamén se atopa delegada nos respectivos centros directivos da Consellería do Medio Rural que xestionan medidas FEADER incluídas no programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (Resolución do 29 de xullo de 2009). Dende a entrada en vigor do Decreto 318/2009, do 4 de xuño (DOG 12/06/2009), ao FOGGA correspóndelle a xestión -fase de autorización do pagamento- medidas FEADER 211 (indemnizacións compensatorias montaña), 212 (indemnizacións compensatorias zonas desfavorecidas), 214.1 (medidas agroambientais), 215 (benestar animal explotacións).

En relación ás medidas FEADER do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2007-2013, a Secretaría do FOGGA realizou a execución e contabilización dos pagamentos, que ascenden a 108.161.508,68 euros importe FEA-

DER e a 184.873.998,02 euros importe GASTO PÚBLICO no exercicio orzamentario FEADER 2011 (que abrangue do 16 de outubro de 2010 al 15 de outubro de 2011) e a 116.185.498,48 euros importe FEADER e 197.875.265,20 euros importe GASTO PÚBLICO se temos en conta o período orzamentario correspondente ao ano natural 2011.

Pagamentos exercicio FEADER 2011	FEADER	Gasto público	FEADER	Gasto público
111 Información e formación profesional	918.349,85	1.595.465,36	1.463.826,71	2.543.131,91
112. Instalación agricultores mozos	4.450.296,81	7.731.578,81	4.120.892,83	7.159.299,54
113. Cesamento anticipado	1.925.182,42	3.344.662,66	2.897.350,09	5.033.624,35
114. Utilización de servizos de asesoramento	740.918,89	1.287.211,31	1.227.314,691	2.132.235,44
115. Implantación aconsellamento nas explotacións agrarias	1.380.558,02	2.398.467,76	.964.596,3	3.413.127,68
121. Modernización das explotacións agrarias	25.561.468,86	42.089.171,13	26.040.585,89	41.847.426,94
122. Aumento valor económico dos bosques	1.483.005,68	2.576.451,86	2.221.332,77	3.859.160,41
123. Aumento valor engadido produtos agrícolas e forestais	9.421.250,13	16.093.743,49	7.220.311,9	12.220.253,32
124. Cooperación desenvolvemento novos produtos e tecnoloxías	829.545,92	1.441.184,71	982.958,95	1.707.711,86
125. Infraestructuras desenv. novos produtos e tecnoloxías	1.772.526,48	3.079.441,42	6.756.102,11	11.737.498,96
131. Normas de reunión basadas na lexislación comunitaria	38.939,34	67.650,03	38.939,34	67.650,03
132. Participación agricultores programas calidade dos alimentos	520.247,96	903.835,91	540.368,63	938.791,91
133. Actividades de información e promoción	1.153.082,81	2.003.271,17	1.054.780,86	1.832.489,32
211. Indemnizacións compensatorias montaña	4.330.564,95	7.523.567,48	4.686.178,76	8.141.380,99
212. Indemnizacións compensatorias zonas desfavorecidas	2.111.044,34	3.667.553,82	1.881.022,17	3.267.932,82
214. Axudas agroambientais	11.628.923,37	20.203.133,46	12.261.883,6	21.302.786,96
215. Axudas benestar animais	5.492,02	9.541,39	3.585,91	6.229,87
216. Investimentos non produtivos	185.425,67	322.143,31	422.126,04	733.367,02
221. Primeira forestación terras agrícolas	439.406,95	763.389,30	43.316,82	75.255,02
223. Primeira forestación terras agrícolas e non agrícolas	4.770.631,2	8.288.144,38	1.027.703,87	1.785.448,19
226. Recuperación do potencial forestal	14.717.623,33	25.569.185,61	14.135.491,07	24.557.836,99
227. Investimentos forestais non produtivos	126.710,46	220.136,28	95.856,19	166.532,63
311. Diversificación actividades non agrícolas	184.285,25	320.162,03	35.452,9	61.592,94
312. Creación e desenvolvemento de empresas	2.754.017,17	4.784.603,58	2.797.170,41	4.871.640,47
313. Fomento de actividades turísticas	839.765,33	1.458.939,04	324.177,26	563.198,88
321. Servizos básicos para a economía e a poboación rural	7.024.276,35	11.759.660,2	12.220.078,82	20.959.287,73
323. Conservación e mellora do patrimonio rural	1.862.996,19	3.236.616,13	1.353.916,64	2.352.183,29
411. Aplicación de estratexias de desenvolvemento local	693.085,57	1.204.109,76	-	-
412. Aplicación de estratexias de desenvolvemento local	223.283,91	387.914,97	-	-
413. Aplicación de estratexias de desenvolvemento local	3.257.549,81	5.659.398,63	5.668.652,32	9.848.258,17
431. Funcionamento GDR	1.748.632,52	3.307.929,99	1.567.020,57	2.722.412,35
511. Asistencia técnica	1.062.421,12	1.845.763,04	1.132.504,06	1.967.519,21
<b>Total</b>	<b>108.161.508,68</b>	<b>184.873.998,02</b>	<b>116.185.498,48</b>	<b>197.875.265,2</b>

### 3.- RELACIÓN CON ORGANISMOS NA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

#### Relacións co FEAGA na súa calidade de organismo de coordinación

Conforme ao disposto nos Reais decretos 327/2003, do 14 de marzo, e 521/2006, do 28 de abril, polos que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas, o FEAGA actúa como organismo de coordinación de todos os pagamentos procedentes do FEAGA e do FEADER en España e, en consecuencia, encárgase de centralizar a información que se debe poñer a disposición da Comisión Europea e de fomentar a aplicación harmonizada das disposicións comunitarias.

Tanto nas actuacións como organismo pagador do FEAGA coma do FEADER, as comunicacións entre o FOGGA e o FEAGA efectuáronse ordinariamente a través do sistema EDITRAN en formato MIC de acordo cos modelos detallados na súa Circular de Coordinación: Procedemento Financeiro para o FEAGA e o FEADER a través do sistema SFC2007. As actuacións do FOGGA en materia de devanditos fondos con respecto ao organismo de coordinación, concrétese nos seguintes envíos:

	FEAGA	FEADER
-Peticións de fondos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.	X	X
-Comunicación de pagamentos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.	X	X
-Resumo de pagamentos por capítulos, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.	X	
-Correccións de pagamentos, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.		X
-Estados de tesouraría, con periodicidade mensual.	X	X
-Cadro 104, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.	X	
-Programación financeira bimensual, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.	X	X
-Cadro de desviacións, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.	X	
-Cadro pagamentos fóra de prazo, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.	X	
-Comunicación de irregularidades, con periodicidade trimestral, no formato ficheiro CFFMIC.	X	X
-Cadro das X, coa información pagamentos-titulares, con periodicidade mensual, no formato ficheiro BDCMIC.	X	X
-Previsións anexo X R (CE) 883/2006, con periodicidade semestral, a través do sistema SFC2007.		X
-Declaración gastos anexo XI R(CE) 883/2006, con periodicidade trimestral, a través do sistema SFC2007.		X
-Comunicación dos controis de acordo co art.34 do R(CE) 1975/2006, con periodicidade anual, no formato excel enviado polo FEAGA		X

Dende o 17-09-2010 as actuacións en materia de fondos AXE (MARM que cofinancia FEADER) do FOGGA con respecto ao organismo de coordinación, concréntanse nos seguintes envíos:

Peticións de fondos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.

Comunicacións de pagamentos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMI.

**Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro (DXPFT), coa intervención delegada da Consellería do Medio Rural, coas entidades financeiras colaboradoras.**

o **Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro (DXPFT)**: solicítalle os fondos MARM/Xunta que cofinancian, no seu caso, os fondos.

En relación cos fondos FEAGA, o FOGGA comunicoulle á dita Dirección Xeral, o importe total dos fondos MARM-Xunta que cofinancian con FEAGA e o importe e número dos documentos contables con fase K, coa finalidade de que o ingresasen na conta bancaria fondos MARM-Xunta titularidade do FOGGA para poder executar os pagos aos beneficiarios.

A Secretaría do FOGGA nas mesmas datas que enviou ao FEAGA as peticións de fondos FEADER, solicitou á Subdirección Xeral do Tesouro os fondos MARM-Xunta que cofinancian as medidas FEADER do capítulo VII de gastos da Consellería do Medio Rural e do Mar.

o **Intervención delegada da Consellería do Medio Rural e do Mar**: semanalmente, lle expide unha certificación das obrigas contraídas no orzamento de gastos do FOGGA, para que se puidesen contabilizar os documentos ADOK en formalización con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.713F.731.0 do presuposto de gastos da Consellería do Medio Rural.

En canto ás axudas nas que a fase de autorización non a realiza no FOGGA, tramitáronse os correspondentes documentos contables extraorxamentarios MP para poder executar o pagamento aos beneficiarios.

Todas as relacións de transferencias, para facer efectivo o pagamento aos beneficiarios, foron obxecto de intervención formal e material do pagamento.

No caso dos pagamentos FEAGA, cando se trata de axudas nas que a fase de autorización non está residenciada no FOGGA, tramitáronse os correspondentes documentos contables extraorxamentarios MP para poder executar o pagamento aos beneficiarios.

o **Entidades financeiras colaboradoras**: Diariamente o FOGGA pode consultar a través de banca electrónica a información relativa ao movemento das contas correntes, nas que se cargaron as ordes de transferencia para o pagamento das subvencións.



oGastos de intervención de mercados: durante o ano 2011 non se realizaron pagos en concepto de compra, manipulación en conservación de manteiga e de manipulación de leite destonado. Diariamente o FOGGA pode consultar os movementos bancarios vía electrónica e mensualmente a entidade financeira colaboradora certifica o saldo da conta bancaria.

#### **4.- ACTIVIDADES DE COORDINACIÓN FINANCEIRA E DE PROCEDEMENTOS**

##### **Coordinación coas subdireccións xerais xestoras**

A Secretaría do FOGGA recibiu as comunicacións semanais das distintas subdireccións xerais xestoras, en canto as necesidades de financiamento, para facer fronte ao pagamento do importe das axudas FEAGA e das medidas FEADER, unha vez fiscalizados e contabilizados os oportunos documentos (“ADOK” e “OK” con cargo ao orzamento da Consellería do Medio Rural e do Mar, “DOK” e “OK” para as que xestiona o FOGGA), baseándose nas cales elaborou as comunicacións remitidas á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro (DXPFT) para a petición de fondos MARM-Xunta necesarios e ao FEAGA para a petición dos fondos FEAGA e FEADER necesarios.

Por outra banda, despois de asistir ás reunións de coordinación de organismos pagadores no FEAGA (coordinación de fondos agrícolas e coordinación de desenvolvemento rural), a Secretaría do FOGGA efectúa coas subdireccións xerais xestoras reunións de coordinación internas con carácter periódico.

Publicacións do FOGGA na intranet da Consellería do Medio Rural e do Mar dirixidas a tódalas unidades que interveñen na xestión dos fondos europeos agrarios en Galicia:

- Instrución OP/02/2008, de data 08-02-08, relativa ao calendario de petición de fondos FEAGA e FEADER, exercicio 2011 - revisión nº9 (27/01/11) e revisión nº 10 do 26-09-11.

- Manual de procedemento de execución do pagamento e contabilización das subvencións con cargo ao FEAGA - revisión nº2 do 24-06-11.

- Manual de procedemento da execución do pagamento e contabilización das medidas FEADER - revisión nº2 do 02-09-11.

##### **Coordinación coa Auditoría de contas FEAGA e FEADER**

As contas do FEAGA e do FEADER, teñen que estar certificadas pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, como o organismo de certificación das contas do organismo pagador. A dita certificación baséase no traballo de auditoría que, anualmente, efectúa unha empresa auditora contratada para o efecto pola dita Intervención Xeral.

A auditoría efectúase de acordo coas normas de auditoría admitidas internacionalmente e conforme o artigo 3 do Re-

gulamento (CE) 1663/1995, da Comisión, e é executada co fin de obter garantías suficientes de que as contas FEAGA e FEADER transmitidas á comisión están exentas de erros, e que os pagamentos son conformes coa normativa europea no que se refire á capacidade do organismo pagador para garantir que a dita conformidade foi comprobada antes de efectuar os pagamentos.

As relacións entre a firma auditora e as distintas unidades xestoras e as que participan na función de autorización do organismo pagador son coordinadas desde a Secretaría do FOGGA.

Para a rendición da conta anual de exercicio orzamentario FEAGA-FEADER 2011, o FOGGA envioulle ao FEAGA no prazo establecido a documentación e ficheiros de acordo co disposto en:

- Regulamentos (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, e 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do anterior.

- Regulamento (CE) 825/2010, da Comisión, do 20 de setembro de 2010, polo que se establecen a forma e o contido da información contable que deberá presentarse á Comisión con vistas á liquidación de contas do FEAGA e do FEADER, así como con fins de seguimento e elaboración de previsións .

- Circular de Coordinación do Procedemento Financeiro para o FEAGA e o FEADER (Apartado 20.7.Rendición das contas anuais).

## **D) Actuacións de apoio e asesoramento administrativo**

### **1.- ASESORAMENTO, ESTUDOS E INFORMACIÓN**

O Servizo de Coordinación, Control e Xestión administrativa desenvolveu funcións de asesoramento e informe ás diferentes consultas formuladas polos servizos e unidades do Organismo (centrais e territoriais) sobre cuestións técnico-xurídicas, entre as que destacan as relativas á interpretación e aplicación das normas que resultan de aplicación no desenvolvemento das súas competencias.

Asemade, elaborou informes dando resposta ás solicitudes de información e requirimentos formulados por organismos e institucións alleas ao FOGGA (Valedor do Pobo, Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, Tribunal de Contas Europeo, ...).

### **2.- NORMATIVAS: ELABORACIÓN E PUBLICACIÓN**

No 2011 tramitáronse pola Secretaría do Organismo as seguintes normas xurídicas:

**Orde do 30 de decembro de 2010** pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011. (DOG nº 6, do 11 de xaneiro de 2011).

**1ª Corrección de erros da Orde do 30 de decembro de 2010.** (DOG nº 61, do 28 de marzo de 2011).

**2ª Corrección de erros da Orde do 30 de decembro de 2010.** (DOG nº 76, do 18 de abril de 2011).

**3ª Corrección de erros da Orde do 30 de decembro de 2010.** (DOG nº 129, do 6 de xullo de 2011).

**Orde do 27 de abril de 2011** pola que se modifican determinados aspectos da aplicación do réxime de pagamento único establecidos na Orde do 30 de decembro de 2010. (DOG nº 83, do 29 de abril de 2011).

**Orde do 4 de agosto de 2011** pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Orde do 30 de decembro de 2010. (DOG nº 155, do 12 de agosto de 2011).

**Orde do 12 de agosto de 2011** pola que se modifica, no relativo ás anualidades de financiamento das axudas incluídas no contrato de explotación sustentable, a Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010. (DOG nº 163, do 26 de agosto de 2011).

**Orde do 24 de outubro de 2011** pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Orde do 30 de decembro de 2010. (DOG nº 208, do 31 de outubro do 2011).

**Orde do 28 de novembro de 2011** pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Orde do 30 de decembro de 2010 (DOG nº 237, do 14 de decembro de 2011).

**Orde do 23 de decembro de 2011**, pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Orde do 30 de decembro de 2010. (DOG nº 246, do 27 de decembro).

**Resolución do 13 de maio de 2011** pola que se regula o procedemento para o concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o ano 2011. (DOG nº 100, do 25 de maio de 2011).

**Corrección de erros. Resolución do 13 de maio de 2011** pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o ano 2011. (DOG nº 109, do 8 de xuño de 2011).

**Resolución do 30 de decembro de 2011** pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a sub-

ministración de leite e determinados produtos lácteos aos/ás alumnos/as de centros escolares e se convocan para o ano 2012.(DOG nº 4, do 5 de xaneiro de 2012).

### **3.- REVISIÓN DE ACTOS**

O Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa do FOGGA, preparou e remitiu os expedientes solicitados polos xulgados ou tribunais correspondentes, o que supuxo a realización de emprazamentos, notificacións e demais actuacións legalmente previstas ou requiridas, así como a remisión dos informes que en cada caso correspondan aos gabinetes xurídicos da Xunta de Galicia.

Durante o ano 2011 recibíronse tres requirimentos relacionados con recursos contenciosos administrativos presentados contra resolucións do FOGGA; un da Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e dous dos Xulgados do contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, que foron debidamente contestados. Púxose ademais en coñecemento da Fiscalía unha transferencia de dereitos de vacas nutrices, ante presuntas falsidades e indicios de comisión doutros delitos.

Resolvéronse 2 reclamacións previas á vía laboral en materia de cesións ilegal de traballadores.

### **4.- REINTEGRO DE PAGAMENTOS**

Na salvagarda dos intereses financeiros da Unión Europea e unha vez detectados os pagamentos indebidos que se puidesen producir, a Secretaría do FOGGA tramita os correspondentes procedementos para a recuperación dos importes indebidamente aboados por axudas cuxa aprobación lle corresponde ao director do FOGGA, ata acadar a súa devolución nas contas do organismo pagador.

Asemade, en relación coas axudas FEAGA ou FEADER tramitadas na Consellería do Medio Rural e do Mar e no ente público AGADER, a Secretaría do FOGGA coordina as actuacións realizadas polos órganos xestores e polas unidades xurídicas correspondentes, so fin de asegurar que as cantidades indebidamente aboadas sexan recuperadas nas contas do organismo pagador de forma dilixente e efectiva e co obxecto de poder dar resposta ás solicitudes de información requiridas periodicamente polas institucións comunitarias.

No desenvolvemento destas funcións de coordinación, o Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa do FOGGA remitiu mensualmente recordatorios aos diferentes órganos xestores das obrigas impostas pola normativa comunitaria aplicable á recuperación dos pagamentos indebidos e solicitou toda a documentación necesaria para poder levar as ditas funcións coordinadoras neste ámbito

No seguinte cadro aparece o número de expedientes de reintegro de pagamentos indebidos iniciados no 2011, o número destes resoltos no mesmo ano e o número de indebidos recuperados:

Organismo xestor	Procedementos iniciados	Procedementos resoltos	Indebidos recuperados
<b>FOGGA</b>	90	61	31
<b>Consellería do Medio Rural e do Mar</b>			
<b>Rural e do Mar</b>	60	49	32
<b>AGADER</b>	14	13	4
<b>Total</b>	<b>164</b>	<b>123</b>	<b>67</b>

#### 5.- RENUNCIAS AOS PAGAMENTOS DAS AXUDAS

Durante o ano 2011, no Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa tramitáronse un total de 10 renuncias, instadas por beneficiarios de axudas da PAC para a campaña 2011.


Do mesmo xeito, fíxose un seguimento de 2 expedientes de renuncia tramitados pola Consellería do Medio Rural e outros 2 tramitados por Agader.

#### 6.- TAXA LÁCTEA: PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Dende a entrada en vigor do Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula en Galicia a aplicación do réxime da taxa láctea, correspóndelle á Dirección do FOGGA a tramitación e resolución dos procedementos sancionadores que se incoen na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de taxa láctea a partir da campaña 2007/2008.

De acordo con isto, durante o ano 2011, a Secretaría do Organismo iniciou 8 expedientes sancionadores por incumprimentos en materia de taxa láctea, tales como presentar declaracións anuais fóra de prazo, presentar declaracións anuais de balances falsas, incompletas ou inexactas, non levar o transportista a folla de ruta ou levala incompleta, ou non achegar aos produtores os comprobantes das entregas de leite que realizaban.

Os 8 procedementos están xa rematados. Destes expedientes, 4 remataron co pagamento da sanción, 2 foron enviados á vía executiva, un rematou coa retirada da autorización como comprador e no último a resolución foi estimatoria, polo que se mantivo a autorización como persoa compradora comercializadora.



## IV. AUDITORIAS

### 4.1.- AUDITORÍA INTERNA

O punto 4 do anexo I do Regulamento (CE) 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1290/2005, establece o obxectivo xeral do Servizo de Auditoría Interna dos Organismos Pagadores FEAGA-FEADER: verificar que os procedementos adoptados polo organismo son apropiados para asegurar a comprobación da conformidade coa normativa comunitaria, así como a exactitude, integridade e oportunidade da contabilidade, cun programa que cubra nun máximo de cinco anos todos os ámbitos significativos, incluídos os servizos de autorización.

O terceiro Plan Quinquenal de Auditoría Interna (2007-2011) aprobouse por Resolución do 13 de decembro de 2006 e modificouse mediante Resolución do 4 de outubro de 2010. O plan desenvólvese en plans anuais, polo que o plan anual para o exercicio 2011 elaborouse e aprobouse por Resolución do 21 de decembro de 2010, conforme a metodoloxía descrita no Manual de Auditoría Interna.

De acordo co Plan Anual aprobado para o ano 2011, realizáronse as seguintes auditorías:

- Réxime do Pagamento Único
- Axudas outorgadas no marco da apicultura

- Anticipos e Garantías
- Medida 123 : Aumento do valor engadido dos produtos agrícolas e forestais
- Medida 124: Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías na agricultura, alimentación e silvicultura
- Medida 131: Cumprimento das normas establecidas na normativa comunitaria
- Medida 132: Apoio aos agricultores que participan en programas de calidade dos alimentos
- Medida 215: Axudas relativas ao benestar dos animais
- Medida 216: Axudas a investimentos non produtivos
- Medida 226: Recuperación do potencial forestal e implantación de medidas preventivas
- Medida 313: Fomento de actividades turísticas
- Seguimento das recomendacións efectuadas no ano 2010

## **4.2.- AUDITORÍAS EXTERNAS**

### A) Auditoría da Dirección Xeral de Avaliación e reforma administrativa

A auditoría da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa foi realizada durante os meses de novembro de 2011 e febreiro de 2012, co fin de levar a cabo unha avaliación operativa e funcional do Organismo, facendo unha análise de:

- as competencias e ámbitos de actuación do Organismo, analizando a súa adecuación aos fins para os que foi creada, e se existe o non solapamento coas competencias e funcións da Consellería da que depende ou doutros departamentos da Xunta de Galicia;
- a organización estrutural e funcional, así como a forma na que desenvolve a súa actividade;
- a adecuación e utilización que fai dos medios persoais, materiais e dos sistemas de xestión de que dispón en relación coas funcións que desenvolve; e,
- a adecuación das contas de resultados de ingresos e gastos respecto da actividade que desenvolve o Organismo.



**• Recomendacións realizadas e medidas correctoras adoptadas:**

Recomendación:

Firma dun contrato-programa por parte da Dirección-Xerencia da entidade (previsto no artigo 17 da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas), a fin de asegurar o cumprimento dos obxectivos de máxima eficiencia na xestión que nel se definan.

Medidas correctoras:

O organismo impulsou o Decreto polo que aproban os estatutos do Fondo Galego de Garantía Agraria, actualmente pendente de aprobación polo Consello da Xunta, en virtude dos cales se efectúa a adaptación destes á LOFAXGA. Nos citados estatutos se contempla de forma expresa a obriga de aprobar un Plan de Actuación, que será obxecto de avaliación anual e control de eficacia por dito Centro Directivo. En todo caso, este organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia xa traballa na práctica sobre a base dunha programación estratéxica plurianual da súa actividade.

Recomendación:

Cómpre que se leven a cabo as modificacións necesarias na RPT. Para estes efectos cómpre que con carácter previo se leve a cabo un estudo organizativo das necesidades reais e actuais de persoal, distinguindo claramente os postos que deban ter carácter estrutural daquelas tarefas que deban externalizarse a través de encomendas de xestión polo seu carácter non ordinario.

Medidas correctoras:

Tramitouse e aprobouse a modificación parcial da RPT do Fogga. En paralelo, estase a efectuar unha análise da estrutura de persoal do organismo para prantexar unha modificación global da RPT do Fogga no presente exercicio.

No tocante ás encomendas de xestión estase a actuar con dous obxectivos:

1. Redución das encomendas de xestión, mediante a asunción de competencias con medios propios, na medida do posible e sen afectar ao ritmo de xestión dos servizos.

2. As encomendas de xestión que sexan imprescindibles, xestiónanse de conformidade cos criterios prantexados pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Recomendación:

Sería convinte que o Organismo dispuxese dunha base de datos eficaz que lle permita obter en cada momento datos retributivos concretos relativos ao seu persoal, así como a explotación dos mesmos.

Medidas correctoras:

O Fogga en colaboración con CIXTEC, conseguiu contar na Habilitación de persoal neste exercicio 2012, a raíz das recomendacións da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativo, cos citados datos retributivos nos formatos requeridos por dito Centro Directivo.

Recomendación:

Dispoñer os medios necesarios para que a organización administrativa do FOGGA implante a elaboración de documentos con sinatura electrónica e a remisión electrónica de ditos documentos

Medidas correctoras:

O Fogga no exercicio 2011 inseriuse no ámbito da aplicación PORTASINATURAS corporativa, e toda a sinatura da secretaría se fai de forma electrónica. Progresivamente, estase a incorporar o resto da organización a dito modelo, comezando polo Vicepresidente (fase xa concluída) e polo Director.


B) Comisión europea e outras institucións

Os organismos pagadores son obxecto de periódicas investigacións e visitas de control por parte da Comisión Europea e doutras institucións co fin de verificar os procedementos específicos dos pagamentos de axudas financiadas polos fondos europeos agrarios.

Visita a Galicia do Tribunal de Contas Europeo sobre a fiscalización da fiabilidade dos procedementos de xestión e control do réxime de Pagamento Único (RPU) e do Sistema Integrado de Xestión e Control (SIXC) e a fiscalización da fiabilidade das axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) - Regulamento (CE) nº 1698/2005 (Datas da visita: do 24 ao 28 de outubro e do 7 ao 11 de novembro), así como en relación á xestión da medida 122 do PDR de Galicia.

Ademais, ao longo do ano o FEGA -na súa condición de organismo de coordinación- solicitoulle ao FOGGA que achegase determinada documentación e información, en relación con diversas investigacións da Comisión europea, en curso noutras comunidades autónomas.





## O FOGGA EN CIFRAS

### V. O FOGGA EN CIFRAS.

#### A) Pagamentos FEAGA 2011

		Exercicio FEAGA 2011 (16 - 10 - 2010/ 15 - 10 - 2011)	Ano natural 2011 (01 - 01 - 2011/ 31 - 12 - 2011)
<b>Ordenación mercados agrícolas</b>	Froita escolar	31.124,91	57.622,95
	Sector vitivinícola	2.899.655,02	3.078.596,47
	Interv. almac. manteiga	0	52.495,03
	Leite para escolares	52.168,66	56.466,86
	Axuda específica ao sector lácteo	4.831,78	4.831,78
	Almacenamento carne porcino	167.091,22	239.687,83
	Axuda específica á apicultura	142.8091,12	142.801,12
	<b>Total ordenación mercados agrícolas</b>	<b>3.297.672,71</b>	<b>3.632.502,04</b>
<b>Axudas directas</b>	Réxime de pagamento único	107.475.955,35	115.964.614,78
	Pagamentos por superficie cultivada	6.201,1	928,08
	Vacún	33.480.887,71	50.560.437,22
	Ovino e cabrún	36.430,09	14.025,9
	Leite e produtos lácteos	7.262.172,12	6.802.429,97
	Axuda específica sector lácteo	18.226.124	18.413.440,29
	Modulación	83.578,86	-999,49
<b>Total axudas directas</b>	<b>166.571.349,23</b>	<b>191.754.876,75</b>	
<b>Irregularidades do FEAGA</b>	-240.146,06	-331.094,92	
<b>Total exercicio</b>	<b>169.628.875,88</b>	<b>195.056.283,87</b>	

## B) Pagamentos FEADER 2011

Pagamentos exercicio FEADER 2011	FEADER	Gasto público	FEADER	Gasto público
111 Información e formación profesional	918.349,85	1.595.465,36	1.463.826,71	2.543.131,91
112. Instalación agricultores mozos	4.450.296,81	7.731.578,81	4.120.892,83	7.159.299,54
113. Cesamento anticipado	1.925.182,42	3.344.662,66	2.897.350,09	5.033.624,35
114. Utilización de servizos de asesoramento	740.918,89	1.287.211,31	1.227.314,691	2.132.235,44
115. Implantación aconsellamento nas explotacións agrarias	1.380.558,02	2.398.467,76	.964.596,3	3.413.127,68
121. Modernización das explotacións agrarias	25.561.468,86	42.089.171,13	26.040.585,89	41.847.426,94
122. Aumento valor económico dos bosques	1.483.005,68	2.576.451,86	2.221.332,77	3.859.160,41
123. Aumento valor engadido produtos agrícolas e forestais	9.421.250,13	16.093.743,49	7.220.311,9	12.220.253,32
124. Cooperación desenvolvemento novos produtos e tecnoloxías	829.545,92	1.441.184,71	982.958,95	1.707.711,86
125. Infraestructuras desenv. novos produtos e tecnoloxías	1.772.526,48	3.079.441,42	6.756.102,11	11.737.498,96
131. Normas de reunión basadas na lexislación comunitaria	38.939,34	67.650,03	38.939,34	67.650,03
132. Participación agricultores programas calidade dos alimentos	520.247,96	903.835,91	540.368,63	938.791,91
133. Actividades de información e promoción	1.153.082,81	2.003.271,17	1.054.780,86	1.832.489,32
211. Indemnizacións compensatorias montaña	4.330.564,95	7.523.567,48	4.686.178,76	8.141.380,99
212. Indemnizacións compensatorias zonas desfavorecidas	2.111.044,34	3.667.553,82	1.881.022,17	3.267.932,82
214. Axudas agroambientais	11.628.923,37	20.203.133,46	12.261.883,6	21.302.786,96
215. Axudas benestar animais	5.492,02	9.541,39	3.585,91	6.229,87
216. Investimentos non produtivos	185.425,67	322.143,31	422.126,04	733.367,02
221. Primeira forestación terras agrícolas	439.406,95	763.389,30	43.316,82	75.255,02
223. Primeira forestación terras agrícolas e non agrícolas	4.770.631,2	8.288.144,38	1.027.703,87	1.785.448,19
226. Recuperación do potencial forestal	14.717.623,33	25.569.185,61	14.135.491,07	24.557.836,99
227. Investimentos forestais non produtivos	126.710,46	220.136,28	95.856,19	166.532,63
311. Diversificación actividades non agrícolas	184.285,25	320.162,03	35.452,9	61.592,94
312. Creación e desenvolvemento de empresas	2.754.017,17	4.784.603,58	2.797.170,41	4.871.640,47
313. Fomento de actividades turísticas	839.765,33	1.458.939,04	324.177,26	563.198,88
321. Servizos básicos para a economía e a poboación rural	7.024.276,35	11.759.660,2	12.220.078,82	20.959.287,73
323. Conservación e mellora do patrimonio rural	1.862.996,19	3.236.616,13	1.353.916,64	2.352.183,29
411. Aplicación de estratexias de desenvolvemento local	693.085,57	1.204.109,76	-	-
412. Aplicación de estratexias de desenvolvemento local	223.283,91	387.914,97	-	-
413. Aplicación de estratexias de desenvolvemento local	3.257.549,81	5.659.398,63	5.668.652,32	9.848.258,17
431. Funcionamento GDR	1.748.632,52	3.307.929,99	1.567.020,57	2.722.412,35
511. Asistencia técnica	1.062.421,12	1.845.763,04	1.132.504,06	1.967.519,21
<b>Total</b>	<b>108.161.508,68</b>	<b>184.873.998,02</b>	<b>116.185.498,48</b>	<b>197.875.265,2</b>

Cadro 73  
Modificacións  
orxamentarias

Cómpre realizar un agradecemento a todo o persoal do organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia, incluíndo ao persoal do Fondo Galego de Garantía Agraria, Consellería do Medio Rural e do Mar e AGADER polo traballo realizado no exercicio analizado. En especial, personificar o dito agradecemento na figura de José Luis Díez Díez, subdirector xeral de Xestión da PAC, que tras unha brillante traxectoria profesional e persoal na xestión da PAC en Galicia, xubilouse no exercicio 2011.

**O CONSELLO DE DIRECCIÓN DO FOGGA**





galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Produción, Industrias e  
Calidade Agroalimentaria

